

2020



CONCELLO DE BUEU



Plan de Actuación Municipal contra incendios forestais (PAM Incendios Forestais-BUEU)

FOLLA DE CONTROL DA DOCUMENTACIÓN

| Título | | |
|--|-------------------|-----------------|
| PAM INCENDIOS FORESTAIS BUEU | | |
| Código | 1ª Edición | Edición vixente |
| | Data: | Edición nº: |
| Clasificado | Tipo de documento | Estado |
| Público | Documento técnico | Borrador |
| Interno | Presentación | En revisión |
| De uso exclusivo por: | Proposta/informe | Actualizable |
| | Outros | Informe final |
| Confidencial | | |
| Nome do ficheiro | | |
| Ruta do arquivo | | |
| Palabras clave | | |
| Resumo do contido | | |
| | | |
| | Nome/posto | Sinatura/data |
| Realizado (responsable de actualización e mantemento do documento) | | |
| Revisado | | |
| Supervisado | | |
| Aprobado | | |
| Conforme | | |

| Identificación do documento | | | | |
|-----------------------------|----------|------|-----------------|--------------|
| VERSIÓN | REVISIÓN | DATA | APROVACIÓN XLPC | HOMOLOGACIÓN |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Control das revisións do plan

| VERSIÓN/REVISIÓN | APROBADA POR | CARGO | DATA | SINATURA |
|------------------|--------------|-------|------|----------|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. DATOS DO CONCELLO..... | 4 |
| 1.1. DATOS XERAIS..... | 5 |
| 1.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA | 5 |
| 1.1.2. SUPERFICIE..... | 6 |
| 1.1.3. ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS | 7 |
| 1.1.4. POBOACIÓN..... | 9 |
| 1.1.5. ALTITUDE | 10 |
| 1.1.6. HIDROLOXÍA..... | 15 |
| 1.1.7. REDE VIARIA..... | 15 |
| 1.1.7.1. PUNTOS DE ENLACES E CORTES Á CIRCULACIÓN ESTABLECIDOS NAS ESTRADAS..... | 18 |
| 1.1.7.2. CARACTERÍSTICAS SINGULARES NO C.G.4.1..... | 19 |
| 1.1.7.3. ENLACES COAS PRINCIPAIS ESTRADAS DE ACCESO | 20 |
| 1.1.8. REDE DE GAS..... | 22 |
| 1.1.9. REDE TELEFÓNICA..... | 24 |
| 1.1.10. REDE ELÉCTRICA | 24 |
| 1.1.11. REDE DE AUGA POTABLE | 26 |
| 1.1.12. DATOS METEOROLÓXICOS | 27 |
| 1.1.12.1. CLIMATOLOXÍA | 27 |
| 1.1.12.2. XERALIDADES SOBRE O CLIMA DE BUEU..... | 27 |
| 1.1.12.3. DIRECCIÓN DOMINANTES DO VENTO | 28 |
| 1.1.12.4. VELOCIDADES MÁXIMAS DO VENTO | 29 |
| 1.1.12.5. TEMPERATURA | 30 |
| 1.1.12.6. PRECIPITACIÓNS | 32 |
| 1.1.12.7. METEOROS | 33 |
| 1.2. DATOS ESPECÍFICOS ASOCIADOS AO RISCO | 34 |
| 1.2.1. MASA FORESTAL EXISTENTE NO CONCELLO | 34 |
| 1.2.2. PISTAS FORESTAIS..... | 37 |
| 1.2.3. REDES DE FAIXAS SECUNDARIAS | 37 |
| 1.2.3.1. ELEMENTOS QUE DEFINEN REDES SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA. | 37 |
| 1.2.3.2. REDES SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA POR PARCELA AFECTADA | 37 |
| 1.2.3.3. REDES SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA POR ELEMENTO RESTRITIVO..... | 38 |
| 1.2.4. ÁREAS CORTALUMES..... | 38 |
| 1.2.5. PUNTOS DE AUGA CON HIDRANTES..... | 38 |
| 1.2.6. PUNTOS DE AUGA SEN HIDRANTES..... | 38 |
| 1.2.7. PUNTOS DE AUGA PARA MOTOBOMBA..... | 39 |
| 1.2.8. PUNTOS DE VIXILANCIA..... | 39 |
| 2. COÑECEMENTO DO RISCO E VULNERABILIDADE | 40 |
| 2.1. RESUMO DA ANÁLISE DO RISCO..... | 41 |
| 2.2. ÁREAS OU SECTORES AFECTADOS..... | 41 |
| 2.3. ELEMENTOS VULNERABLES | 45 |
| 2.3.1. EVENTOS/ESPECTÁCULOS NA ÁREA DE RISCO | 47 |

| | |
|--|--------------------------------------|
| 3. ACTIVACIÓN DO PLAN | 48 |
| 3.1. NIVEIS DE ACTIVACIÓN | 49 |
| 3.2. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN | 50 |
| 4. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN | 51 |
| 4.1. RESPONSABLE MUNICIPAL DA EMERXENCIA | 52 |
| 4.2. COMITÉ ASESOR | 53 |
| 4.3. DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA | 54 |
| 4.4. GABINETE DE INFORMACIÓN | 54 |
| 4.5. GRUPOS OPERATIVOS | 55 |
| 4.5.1. GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN | 55 |
| 4.5.2. GRUPO LOCAL SANITARIO | 55 |
| 4.5.3. GRUPO LOCAL LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE | 56 |
| 4.5.4. EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO | 56 |
| 4.5.5. EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE | 56 |
| 4.6. CENTROS DE COORDINACIÓN | 57 |
| 4.6.1. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA MUNICIPAL (CECOPAL) | 57 |
| 4.6.2. POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA) | 57 |
| 4.6.3. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA (CECOP) | 58 |
| 5. OPERATIVIDADE | 59 |
| 5.1. ACTUACIÓNS XERAIS | 60 |
| 5.1.1. ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN | 60 |
| 5.1.2. ACCIÓNS DIRIXIDAS AO TERRITORIO | 60 |
| 5.2. PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN. INTERFACE CON PLANS SUPERIORES | 61 |
| 5.2.1. PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN | 61 |
| 5.2.2. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN | 62 |
| 5.2.3. ACTUACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS | 62 |
| 5.2.4. SISTEMAS DE AVISO Á POBOACIÓN | 62 |
| 5.2.5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA POBOACIÓN | 62 |
| 5.2.5.1. CONFINAMENTO, EVACUACIÓN E ACOLLIDA | 62 |
| 5.2.5.2. CONTROL DE ACCESOS | 63 |
| 5.3. INTERFACE COS PAU | 63 |
| 5.4. FICHAS DE ACTUACIÓN | 63 |
| ANEXOS | ¡Error! Marcador no definido. |
| ANEXO 1. DIRECTORIO TELEFÓNICO | 72 |
| ANEXO 2. MODELOS DE COMUNICACIÓN | 73 |
| ANEXO 3. CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO | 50 |
| ANEXO 4. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN ASOCIADOS | 50 |
| ANEXO 5. CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA | 51 |
| ANEXO 6. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PAM | 52 |
| ANEXO 7. REGULAMENTACIÓN | 57 |

CAPITULO 1


DATOS DO CONCELLO

1.1. DATOS XERAIS

1.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O termo municipal de Bueu atópase na zona oeste da provincia de Pontevedra, ó noroeste da Península do Morrazo. Xunto cos municipios de Cangas, Marín e Moaña forma a comarca do Morrazo. O Concello conta tamén cun territorio insular, o arquipélago de Ons. As coordenadas xeográficas do municipio en coordenadas UTM son 517800.67 4686104.75. Para estas coordenadas, e en adiante para todas as incluídas no resto do documento, haberá que ter en conta que o Concello de Bueu atópase situado na zona UTM 29T, polo que no sucesivo obviarase este dato á hora de transcribilas.

Nestes mapas podemos ver a localización do concello no territorio galego:



O Concello de Bueu limita con tres municipios: Cangas, Marín e Moaña:

| Nome do concello | Situación (N/S/E/O) | Teléfono do Concello |
|------------------|---------------------|----------------------|
| Cangas | Sur | 986300050 |
| Marín | Este | 986880300 |
| Moaña | Este | 986310100 |

O Concello de Bueu está demarcado dentro do Distrito XIX Caldas- O Salnés, demarcación O Morrazo, que inclúe os concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra e Vilaboa.

1.1.2. SUPERFICIE

Debido ás discrepancias cartográficas que teñen os Plans de Ordenación Municipal (PXOM) dos municipios limítrofes co propio PXOM de Bueu e polo disposto na Lei do Catastro Inmobiliario (RD1/2004 do 5 de marzo):

Artículo 3.3 Salvo prueba en contrario y sin perjuicio del Registro de la Propiedad, cuyos pronunciamientos jurídicos prevalecerán. los datos contenidos en el Catastro Inmobiliario se presumen ciertos.

Artículo 9.1 Son titulares catastrales las personas naturales y jurídicas dadas de alta en el Catastro Inmobiliario por ostentan, sobre la totalidad o parte de un bien inmueble el derecho de propiedad plena o menos plena; la concesión administrativa, el derecho real de superficie o el derecho real de usufructo.

Artículo 10.2 Los titulares catastrales tienen el deber de colaborar con el Catastro Inmobiliario, suministrándole cuantos datos, informes o antecedentes resulten precisos para su gestión...

Artículo 11.1 La incorporación de los bienes inmuebles en el Catastro Inmobiliario, así como de las alteraciones de sus características, que conllevará en su caso. la asignación de valor catastral, es obligatoria...

Artículo 36.2 ... las entidades locales y demás Administraciones actuantes deberán suministrar a la Dirección General del Catastro, en los términos que reglamentariamente se determinen, aquella información que revista trascendencia para el Catastro Inmobiliario relativa a la ordenación y a la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles. así como al planeamiento y gestión urbanística, concentraciones parcelarias, deslindes administrativos...

Polo referido neste apartado, todas as superficies expostas neste Plan de Actuación Municipal Contra o Risco de Incendios Forestais estarán adaptadas á Cartografía Catastral.

Segundo o Catastro Inmobiliario, Bueu conta con unha superficie total de 30'62 quilómetros cadrados. Dos cales 26'23 quilómetros cadrados pertencen ó municipio e 4'38 quilómetros cadrados ó arquipélago de Ons.

Segundo o PXOM adaptado á cartografía do Catastro Inmobiliario, o termo municipal divídese da seguinte maneira:


| Código | Descrición | Ha | Km ² |
|--------|---|--------|-----------------|
| SRPPX | Solo rústico de especial interese paisaxístico | 675,21 | 6,75 |
| SRPFO | Solo rústico de especial protección forestal | 427,47 | 4,27 |
| SRPCO | Solo rústico de especial protección de costas | 379,52 | 3,80 |
| SRPAU | Solo rústico de especial protección das augas | 329,85 | 3,30 |
| SRPEN | Solo rústico de especial protección de espazos naturais | 219,84 | 2,20 |
| SNRT | Solo de núcleo rural tradicional | 189,61 | 1,90 |
| SNRT | Solo urbano | 159,52 | 1,60 |
| SRPAG | Solo rústico de especial protección agropecuaria | 156,37 | 1,56 |
| SNRCO | Solo de núcleo rural consolidado | 104,65 | 1,05 |
| SRPIN | Solo rústico de especial protección de infraestruturas | 89,43 | 0,89 |
| SUZ | Solo urbanizable | 52,49 | 0,52 |
| SRPO | Solo rústico de protección ordinaria | 26,83 | 0,27 |
| SRPPC | Solo rústico de especial protección patrimonial, artística ou histórica | 9,17 | 0,09 |
| SUNC | Solo urbano non consolidado | 8,88 | 0,09 |
| PORT | Portos | 7,23 | 0,07 |
| SRPEN | Solo rústico de especial protección de espazos naturais | 438,42 | 4,38 |

A continuación amosase nun plano a distribución na area municipal destas categorías.

1.1.3. ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

O territorio do Concello de Bueu linda ou contén no seu termo municipal espazos naturais protexidos por redes de protección especial. A continuación enuméranse na seguinte táboa especificando a súa extensión:

| ESPAZO NATURAL | FPV | REDE NATURA 2000 | DATA DE APROBACIÓN | SUPERFICIE PROTEXIDA |
|--|-------|------------------|--------------------|----------------------|
| Marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia | PNAC | LIC e ZEPA | 01/07/2002 | 2.831,31 Ha |
| Complexo Ons – O Grove | ZEPVN | LIC | 02/04/2004 | 7.606,57 Ha |
| Cabo Udra | ZEPVN | LIC | 02/04/2004 | 623,02 Ha |
| Illa de Ons | ZEPVN | LIC e ZEPA | 02/04/2004 | 923,79 Ha |
| Superficie protexida total | | | | 11.984,69 Ha |



ESCALA 1:75.000

1.1.4. POBOACIÓN

Segundo datos do último censo de poboación, o concello de Bueu rexistra un total de 12148 habitantes (censo 2018). A distribución da poboación no municipio non é homoxénea entre as distintas parroquias, do mesmo xeito que a propia extensión das mesmas e as características do terreo e infraestructuras varían. Debido á peculiar xeografía do concello, a poboación nun primeiro momento asentouse preto da costa pero o constante crecemento obrigou a expansión polos vales adxacentes. Así pódese dicir que Bueu ten unha considerable densidade de media no concello (394,32 hab./km²) se ben será moito maior nas parroquias máis urbanas mentres que nas máis despoboadas (Ermelo e Ons) será moito máis baixa.

A maiores, cabe destacar que pola súa crecente importancia como destino turístico, a poboación durante a época estival multiplícase, principalmente nas áreas preto das zonas de baño e residencia vacacional, non só aumentando o número de habitantes senón tamén de forma significativa o número de vehículos privados circulando polas vías.


A distribución de parroquias que conforman o concello e a súa poboación correspondente indícase na seguinte táboa.

| Lugar | Cód. INE | Homes | Mulleres | Total |
|---|----------|-------|----------|-------|
| Total do Concello | 360040 | 5988 | 6157 | 12145 |
| Parroquia de Beluso (Santa María) | 3600401 | 1360 | 1441 | 2801 |
| Parroquia de Bueu (San Martiño de Fora) | 3600402 | 1706 | 1717 | 3423 |
| Parroquia de Bueu (San Martiño) | 3600403 | 1901 | 2011 | 3912 |
| Parroquia de Cela (Santa María) | 3600404 | 948 | 929 | 1877 |
| Parroquia de Ermelo (Santiago) | 3600405 | 35 | 32 | 67 |
| Parroquia da Illa de Ons (San Xoaquín) | 3600406 | 38 | 27 | 65 |

1.1.5. ALTITUDE

O Concello de Bueu conta con significativos cambios de cota ó longo do seu termo municipal, variando dunha altitude máxima de 388,22 m a unha mínima de 2,40 m, que é a que se atopa na área onde se concentra o núcleo urbano. A continuación preséntanse os datos de altitude clasificados en función das distintas entidades que forman o Concello, partindo todos eles dun estudo realizado sobre un modelo dixital de elevacións de todo o termo municipal:

| Núcleo | Cota mín. | Cota máx. | Cota media | Desv. estándar |
|-------------------|------------------|------------------|-------------------|-----------------------|
| A Cividá | 57,95 | 160,47 | 111,93 | 23,11 |
| A Fonte Alta | 46,51 | 162,26 | 105,36 | 26,41 |
| A Graña | 34,33 | 138,07 | 83,23 | 25,42 |
| A Pena | 166,71 | 237,15 | 204,93 | 13,44 |
| A Portela | 131,91 | 206,10 | 165,28 | 12,98 |
| A Ramorta | 35,94 | 100,98 | 74,75 | 13,38 |
| A Roza | 58,83 | 110,70 | 79,65 | 9,13 |
| A Rúa Nova abaixo | 62,82 | 112,38 | 94,42 | 9,57 |
| A Rúa Nova arriba | 77,14 | 106,24 | 88,09 | 6,48 |
| A Torre | 18,37 | 101,17 | 58,40 | 22,38 |
| Antepazo | 11,10 | 144,43 | 78,95 | 29,28 |
| Beluso | 42,37 | 118,57 | 89,71 | 13,11 |
| Bon abaixo | 60,70 | 120,80 | 85,33 | 16,08 |
| Bon arriba | 85,09 | 151,44 | 122,68 | 15,39 |
| Bueu | 2,40 | 72,37 | 22,56 | 15,30 |
| Castrelo | 33,42 | 183,95 | 96,41 | 31,77 |
| Cela | 13,58 | 72,50 | 42,22 | 13,28 |
| Ermelo | 351,20 | 388,22 | 371,90 | 8,67 |
| Meiro | 168,65 | 255,22 | 204,95 | 21,06 |
| Montemogos | 73,15 | 125,21 | 100,34 | 10,91 |
| Murráns | 110,93 | 186,18 | 145,39 | 16,88 |
| O Beloso | 127,82 | 195,43 | 160,41 | 13,85 |
| O Burgo | 149,99 | 203,45 | 178,86 | 10,07 |
| O Norte | 46,07 | 114,35 | 77,59 | 18,99 |
| O Río | 173,68 | 214,87 | 194,38 | 11,48 |
| O Valado | 25,94 | 102,25 | 59,98 | 15,47 |
| Paradela | 225,79 | 263,23 | 244,26 | 8,65 |
| PE Castiñeiras | 144,40 | 171,57 | 160,95 | 4,11 |
| Playa de Beluso | 3,38 | 67,62 | 24,94 | 18,73 |
| Pousada | 92,46 | 184,08 | 118,01 | 20,34 |
| Sabarigo | 34,22 | 94,50 | 59,31 | 11,25 |
| San Amedio | 75,92 | 158,93 | 119,43 | 21,13 |
| Sar | 20,15 | 87,05 | 57,75 | 20,59 |
| Trasouto | 55,91 | 123,17 | 89,17 | 15,24 |
| Vilar | 66,66 | 132,43 | 101,61 | 17,79 |




Modelo dixital de pendentes

| Núcleo | Pendente mínima | Pendente máxima | Pendente media | Desviación estándar |
|-------------------|------------------------|------------------------|-----------------------|----------------------------|
| A Cividá | 0,19 | 76,98 | 24,00 | 14,04 |
| A Fonte Alta | 1,54 | 71,46 | 26,27 | 11,67 |
| A Graña | 0,71 | 84,64 | 27,78 | 12,17 |
| A Pena | 0,11 | 85,79 | 23,69 | 11,95 |
| A Portela | 0,44 | 92,25 | 17,83 | 11,31 |
| A Ramorta | 1,85 | 89,10 | 33,04 | 11,73 |
| A Roza | 0,12 | 105,10 | 21,87 | 15,06 |
| A Rúa Nova abaixo | 0,06 | 99,70 | 14,68 | 11,36 |
| A Rúa Nova arriba | 0,21 | 50,55 | 11,60 | 8,19 |
| A Torre | 0,13 | 72,34 | 15,52 | 10,09 |
| Antepazo | 0,57 | 105,73 | 24,65 | 12,79 |
| Beluso | 0,02 | 81,17 | 13,01 | 10,02 |
| Bon abaixo | 1,04 | 68,72 | 19,46 | 11,98 |
| Bon arriba | 0,37 | 77,70 | 20,29 | 12,37 |
| Bueu | 0,02 | 126,42 | 15,00 | 13,82 |
| Castrelo | 0,25 | 79,27 | 23,02 | 13,23 |
| Cela | 0,39 | 86,46 | 12,53 | 8,38 |
| Ermelo | 0,74 | 74,88 | 18,37 | 7,36 |
| Meiro | 0,85 | 76,73 | 24,78 | 10,88 |
| Montemogos | 0,11 | 82,74 | 15,90 | 9,43 |
| Murráns | 2,08 | 68,93 | 23,30 | 10,53 |
| O Beloso | 2,03 | 86,73 | 30,23 | 12,72 |
| O Burgo | 1,10 | 85,76 | 22,67 | 10,95 |
| O Norte | 0,15 | 105,09 | 25,80 | 12,03 |
| O Río | 0,68 | 71,96 | 24,19 | 12,34 |
| O Valado | 2,87 | 104,30 | 32,48 | 14,05 |
| Paradela | 0,04 | 105,88 | 7,96 | 9,99 |
| PE Castiñeiras | 1,23 | 54,41 | 20,48 | 9,19 |
| Playa de Beluso | 0,26 | 94,91 | 31,04 | 16,18 |
| Pousada | 0,39 | 76,48 | 16,66 | 11,43 |
| Sabarigo | 1,69 | 65,78 | 23,18 | 12,05 |
| San Amedio | 1,10 | 77,54 | 23,79 | 12,24 |
| Sar | 0,25 | 93,39 | 18,35 | 13,97 |
| Trasouto | 0,69 | 106,44 | 26,58 | 14,87 |
| Vilar | 0,16 | 73,61 | 16,63 | 9,52 |

Modelo dixital de orientacións

| Núcleo | Orientación máxima | Orientación mínima | Orientación media | Desviación estándar |
|-------------------|---------------------------|---------------------------|--------------------------|----------------------------|
| A Cividá | 0,01 | 359,82 | 245,88 | 107,14 |
| A Fonte Alta | 0,04 | 359,90 | 145,30 | 145,48 |
| A Graña | 0,27 | 359,87 | 283,20 | 71,29 |
| A Pena | 0,02 | 359,93 | 281,30 | 62,55 |
| A Portela | 0,01 | 359,93 | 260,34 | 84,99 |
| A Ramorta | 0,12 | 359,94 | 210,01 | 103,17 |
| A Roza | 0,45 | 359,60 | 98,79 | 91,36 |
| A Rúa Nova abaixo | 0,00 | 359,94 | 158,07 | 132,74 |
| A Rúa Nova arriba | 0,10 | 359,86 | 254,51 | 83,43 |
| A Torre | 0,00 | 359,99 | 144,97 | 113,28 |
| Antepazo | 0,05 | 359,95 | 239,41 | 122,62 |
| Beluso | 0,00 | 359,95 | 215,81 | 139,74 |
| Bon abaixo | 0,03 | 359,94 | 206,75 | 100,63 |
| Bon arriba | 1,56 | 358,00 | 77,67 | 27,46 |
| Bueu | 0,29 | 359,92 | 273,01 | 44,69 |
| Castrelo | 0,16 | 359,73 | 150,62 | 69,24 |
| Cela | 0,00 | 360,00 | 218,43 | 120,32 |
| Ermelo | 0,02 | 359,96 | 268,17 | 106,99 |
| Meiro | 0,23 | 359,91 | 278,21 | 82,88 |
| Montemogos | 163,11 | 355,86 | 273,51 | 21,72 |
| Murráns | 0,03 | 359,89 | 68,79 | 94,58 |
| O Beloso | 0,12 | 359,88 | 280,29 | 68,35 |
| O Burgo | 0,00 | 359,95 | 200,43 | 121,25 |
| O Norte | 0,00 | 359,91 | 252,00 | 90,64 |
| O Río | 0,12 | 359,00 | 288,62 | 75,14 |
| O Valado | 0,08 | 359,92 | 70,20 | 32,89 |
| Paradela | 0,05 | 359,35 | 87,78 | 58,87 |
| PE Castiñeiras | 0,26 | 359,60 | 276,81 | 37,72 |
| Playa de Beluso | 0,06 | 359,92 | 264,71 | 63,64 |
| Pousada | 2,88 | 359,51 | 259,61 | 34,79 |
| Sabarigo | 0,04 | 359,97 | 217,37 | 124,99 |
| San Amedio | 0,21 | 358,68 | 273,38 | 45,56 |
| Sar | 0,00 | 359,90 | 270,04 | 74,54 |
| Trasouto | 0,03 | 359,85 | 251,20 | 75,76 |
| Vilar | 0,21 | 358,28 | 242,10 | 41,87 |



ESCALA 1:75.000

1.1.6. HIDROLOXÍA

A rede hidrolóxica do concello está formada por:

| Río | Coordenadas desembocadura |
|-------------------------|---------------------------|
| Río Nocado | 515086.29 4683859.42 |
| Río Bispo | 517427.67 4686150.44 |
| Río Barranco do Inferno | 518952.45 4686747.77 |
| Río Rego da Pena | 519058.37 4686940.82 |

O municipio encádrase administrativamente na *Demarcación Galicia-Costa*. Existen, no seu territorio, cinco subcuncas hidrográficas [CH1, CH2, CH3, CH4 e CH5] constituídas por cunca de caudal variable e con desembocadura na ría de Pontevedra.

O Concello conta con un código ARPSI (Area de risco potencial significativo de inundación) ES014-PO-03-01-13-C, de tipoloxía mariña e cun tramo de 3,15 Km. Dentro do mapa de risco e perigosidade non presenta riscos relevantes.

Debido á escasa amplitude do seu territorio e ao réxime xeral de choivas característico das Rías Baixas, a rede fluvial da Península do Morrazo é reducida en lonxitude e caudal. Ademais, o caudal ten grandes fluctuacións anuais, cunha forte estiaxe no verán e grandes crecidas no inverno. As únicas construcións que teñen estes ríos, ademais das pontes, son muíños en ruínas. O uso principal dos ríos é de subministro de auga para consumo humano e regadío.

As áreas ARPSI con códigos ES014-PO-03-01-01 (Río Bispo) figura no estado de avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) dentro do plan de xestión do risco de inundación sen cualificación relevante (Código de tramo ES014-PO-03-01-01-01).

1.1.7. REDE VIARIA

No cadro seguinte recóllense as vías de comunicación principais que pasan ou enlazan o termo municipal:


| Estrada | Titularidade | Trazado | Lonxitude total |
|---------|--------------|------------------------------------|-----------------|
| PO-315 | Xunta | Bon de Arriba – Bueu | 7.120 m |
| PO-551 | Xunta | A Portela - Sabarigo | 6.750 m |
| EP-1301 | Deputación | Alto da Portela - Beluso | 4.230 m |
| EP-1302 | Deputación | Beluso -Cabo Udra | 1.920 m |
| EP-1303 | Deputación | Banda do Río - A Portela | 2.689 m |
| EP-1304 | Deputación | Bueu - Igrexario de Cela | 3.950 m |
| EP-1305 | Deputación | Igrexario de Cela – Outeiro - Bueu | 3.230 m |
| EP-1306 | Deputación | A Portela - Ermelo | 4.042 m |
| EP-1307 | Deputación | Acceso a praia de Lapamán | 195 m |
| EP-1308 | Deputación | Acceso a praia de Lagos | 2504 m |
| EP-1309 | Deputación | Acceso a praia de Beluso | 950 m |
| VG-4.1 | Xunta | Acceso o polígono de Castiñeiras | 750 m |

Estas vías ordenase a súa vez en 4 niveis atendendo a clasificación do sistema xeral viario:

- Nivel 1**
- PO-551. Estrada autonómica da rede primaria básica que serve neste treito para comunicar Bueu coa área metropolitana de Pontevedra polo norte e polo sur co enlace co Corredor do Morrazo que leva ata a AP-9 en Rande.
- Nivel 2**
- PO-315. Bueu (PO-551) –Cangas (PO-551). Estrada autonómica da rede primaria complementaria que permite a conexión entre Bueu e Cangas pola costa.
 - EP-1301. Do alto de A Portela a Beluso, conecta a PO-551 e a PO-315.
 - EP-1304-EP-1305. Subida a Igrexa de Cela, dende PO-551 por A Torre dende Igrexario ata PO-551 na Vila pasando por Outeiro.
 - Nova conexión entre a estrada PO-551 - EP-1303 - novo acceso ao Polígono Industrial.
- Nivel 3**
- EP-1302. De Beluso a Cabo Udra.
 - EP-1303. De Banda do Río á Portela.
 - EP-1306. Subida a Meiro e Ermelo desde PO-551.
 - EP-1307. Acceso á praia de Lapamán, desde PO-551.
 - EP-1308. De Beluso a Praia de Lago, arranca na PO-315.
 - EP-1309. Acceso a Praia de Beluso desde PO-315.
 - M-0. Rúa Ramón Bares.
 - M-8 Nova vía de acceso directo ao porto (rúa Johan Carballeira e a súa prolongación).
 - M-9 -Prolongación da rúa Eduardo Vincenti-As Lagoas ata PO-551.
- Nivel 4**
- M-1. A Achadiza PO-315-Parque Empresarial.
 - M-2. Conexión Meiro-O Outeiro (EP 1306- EP-1305).
 - M-3. Conexión A Rúa Nova-Sar-A Costa de Figueirón-A Praia de Beluso (EP 1302-EP 1309).
 - M-4. Acceso Praia de Area de Bon (EP-1308-Praia de Area de Bon)
 - M-5. Conexión O Souto-Antepazo (PO 551- M-6).
 - M-6. Conexión A Torre- Antepazo (EP-1304-M-5).
 - M-7. Conexión PO-551-Sabarigo-Castrelo (PO 551-EP 1304).

Na táboa e mapa mostrados a continuación, podemos observar a totalidade de vías do Concello e o seu trazado, ordenadas segundo as seguintes categorías:

| Tipo de vía | Lenda no mapa | Lonxitude |
|----------------------|---------------|-----------|
| Camiño | ----- | 113,76 Km |
| Estrada convencional | ————— | 53,01 Km |
| Senda | ----- | 15,89 Km |
| Urbano | ————— | 48,14 Km |



1.1.7.1. PUNTOS DE ENLACES E CORTES Á CIRCULACIÓN ESTABLECIDOS NAS ESTRADAS

A continuación enuméranse as distintas interseccións entre vías principais do Concello. O código cromático corresponde ao empregado na cartografía para facilita-la súa identificación.

| EP-1301 | | |
|---|-----------|------------|
| Cruce con PO-551 (Alto da Portela) | 517861.90 | 4682982.03 |
| Cruce con EP-1301 (Baixada o cementerio) | 517395.62 | 4683576.13 |
| Rotonda - Polígono Castiñeiras / VG-4.6 | 517235.34 | 4683569.11 |
| Rotonda - Parque de bomberos | 517163.87 | 4683785.30 |
| Rotonda | 517083.05 | 4684065.77 |
| Cruce con PO-315 (fin) | 515872.23 | 4685981.38 |
| EP-1302 (Baixada a Cabo Udra) | | |
| Cruce con PO-315 | 515844.70 | 4686009.07 |
| Cabo Udra (fin) | 513640.03 | 4687515.76 |
| EP-1303 (Carretera del cementerio) | | |
| Cruce con EP-1301 (Baixada o cementerio) | 517395.62 | 4683576.13 |
| Cruce con PO-315 (Bueu) | 517282.18 | 4685941.53 |
| EP-1304 | | |
| Unión con EP-1305 (O Burgo) | 520388.19 | 4685882.02 |
| Cruce con PO-551 (fin) | 519367.14 | 4686804.43 |
| EP-1305 | | |
| Cruce con PO-551 (inicio) | 517930.33 | 4685773.52 |
| Unión con EP-1305 (O Burgo) | 520388.19 | 4685882.02 |
| EP-1306 (A Portela, Ermelo) | | |
| Cruce con PO-551 (A Portela) | 517950.06 | 4683429.48 |
| Ermelo (fin) | 519275.63 | 4683460.76 |
| EP-1307 (Baixada a Praia de Lapamán) | | |
| Cruce con PO-551 (Baixada a praia de Lapamán) | 520538.51 | 4687696.05 |
| Praia de Lapamán (fin) | 520460.24 | 4687856.21 |
| EP-1308 | | |
| Cruce con PO-315 (inicio) | 515883.72 | 4685959.81 |
| Praia de Lagos (fin) | 514409.96 | 4685873.35 |
| EP-1309 | | |
| Cruce con PO-315 (Acceso praia Beluso) | 516977.12 | 4686215.29 |
| Muelle de Beluso (fin) | 516426.44 | 4686815.42 |
| PO-315 (Aldán, Bueu) | | |
| Rotonda VG 4.6 (Aldán) | 515847.01 | 4682961.77 |
| Campo de fútbol (límite do Concello) | 515765.72 | 4683470.50 |
| Cruce con EP-1308 | 515883.72 | 4685959.81 |
| Cruce con EP-1301 | 517861.90 | 4682982.03 |
| Cruce con EP-1302 | 515844.70 | 4686009.07 |

| | | |
|--|-----------|------------|
| Cruce con EP-1309 | 516977.12 | 4686215.29 |
| Cruce con PO-551 (Bueu) | 518057.75 | 4686063.77 |
| PO-551 (Moaña, Cangas, Bueu, Marín) | | |
| Rotonda da Portela (saída 15 de CG-4.1) | 517802.50 | 4682670.15 |
| Cruce con EP-1301 (Alto da Portela) | 517861.90 | 4682982.03 |
| Cruce con EP-1306 (A Portela) | 517950.06 | 4683429.48 |
| Cruce con EP-1305 | 517930.33 | 4685773.52 |
| Cruce con PO-315 | 518057.75 | 4686063.77 |
| Cruce con EP-1304 | 519367.14 | 4686804.43 |
| Cruce con EP-1307 (Baixada a Lapamán) | 520538.51 | 4687696.05 |
| Límite Concello | 520544.71 | 4687921.23 |
| Rotonda con VG-4.4 | 521102.92 | 4689004.11 |
| CG-4.1 (Rande, A Portela) | | |
| Rotonda da Portela (saída 15 de CG-4.1) | 517802.50 | 4682670.15 |
| Saída 1 VG-4.6 / Incorporación VG-4.6 | 517522.08 | 4683360.55 |
| Rotonda - Polígono Castiñeiras / VG-4.6 | 517235.34 | 4683569.11 |
| VG-4.6 | | |
| Comezo sobre a rotonda da Portela | 517803.15 | 4682673.45 |
| Saída 1 VG-4.6 / Incorporación VG-4.6 | 517522.08 | 4683360.55 |
| Rotonda - Polígono Castiñeiras / VG-4.6 | 517235.34 | 4683569.11 |
| Saída 1 VG-4.6 / Incorporación VG-4.6 | 516988.10 | 4683568.97 |
| Rotonda con PO-315 (Aldán) | 515847.01 | 4682961.77 |

1.1.7.2. CARACTERÍSTICAS SINGULARES NO C.G.4.1

| Características da vía | |
|--|---|
| Lonxitude total no termo municipal | Dende a rotonda de Aldán ata a rotonda de Paxarín: 6,05 Km. Dende a rotonda de A Rúa ata a rotonda de Paxarín: 2,4 Km. |
| Carrís | 2 x 3,50 m. |
| Beiravías | 2 x 2,50 m. |
| Ancho total da plataforma do corredor | 12 m. |
| Rampla máxima | 6,00% |
| Radio mínimo | 420 m. |
| Velocidade do proxecto | 100 Km/h. |
| Pasos superiores | 2 |
| Viaductos | 2 |
| Túneles | 1 |

| Elementos especiais no C.G.4.1. | Localización | Lonxitude |
|---------------------------------|----------------------|-----------|
| Viaducto Polígono Castiñeiras | 517200.38 4683577.76 | 63 m |
| Viaducto Portela | 517806.25 4682672.65 | 105 m |
| Viaducto Río Bouzos | 518789.6 4681845.63 | 234 m |
| Viaducto Meixoadá | 520381.66 4681194.39 | 468 m |
| Viaducto Rotonda de Paxarín | 520231.53 4681473.94 | 75 m |
| Túnel Coiro | 518306.93 4681903.23 | 110 m |
| Paso superior 1 | 519440.05 4681166.73 | 36 m |
| Paso superior 2 | 519972.28 4681205.08 | 50 m |


1.1.7.3. ENLACES COAS PRINCIPAIS ESTRADAS DE ACCESO




Rotonda de Aldán (515854.75 4682954.91)



Rotonda do polígono de castiñeiras (517239.79 4683565.14)



Rotonda da Portela (517800.7 4682673.24)



Rotonda de Seixo (521102.92 4689004.11)

1.1.8. REDE DE GAS

A compañía distribuidora é Gas Natural e o servizo de atención de urxencias fai a asistencia dende unha plataforma telefónica de asistencia co número 900750750.


A persoa designada pola empresa para a comunicación/actuación co Concello no caso de catástrofe ou emerxencia é:

- Xefe de Servizo Técnico, localizable no 981166001 e no 699010439.
- Substituto: Xefe de Quenda designado, localizable no 900750750.

Actualmente a Planta de distribución de GNL para o Concello de Bueu localízase no polígono de Castiñeiras no Concello de Cangas. No Concello non se dispón de infraestruturas como depósitos de almacenamento ou estacións de bombeo susceptibles de dano.

A lonxitude da rede de gas é de 10'34 Km. Os elementos de rede como grupos de regulación e válvulas están reflexados na planimetría recollida no Anexo 12. As localizacións das mesmas están a mudar continuamente polo que no caso de emerxencia deberá de solicitarse a planimetría actualizada ó número telefónico de asistencia 900750750. Os Subtramos de Rede (presión) instalados no Concello de Cangas corresponden a Baixa (Vivendas), Media A (Comunidades) e Media B (Instalación Base. Valores entre 400 mb e 4 b).

A nave de almacenaxe principal que vertebra o subministro está localizada no termo municipal de Cangas, que se corresponde coa parcela catastral 36008A03400763, reflexada no seguinte plano xeolocalizado segundo as coordenadas do catastro:



ESCALA 1:75.000

1.1.9. REDE TELEFÓNICA

O titular da liña telefónica é Telefónica S.A. A persoa designada pola empresa para a comunicación/actuación co Concello no caso de catástrofe ou emerxencia é:

- Xefe Territorial de Seguridade e Prevención do Fraude Norte, localizable no 944884274 e no 616498755.
- Substituto: Coordinador Servicios de Vixilancia de Seguridade, localizable no 981184078 e no 616657727.


1.1.10. REDE ELÉCTRICA

A compañía distribuidora é Unión Fenosa. A persoa designada pola empresa para a comunicación/actuación co Concello no caso de catástrofe ou emerxencia é:

- Delegado Provincial de Pontevedra, localizable no 654313154.
- Como alternativa, a comunicación pódese efectuar co Centro de Seguridade Corporativa (CESEC) a través do 915676404.

As características das distintas instalacións eléctricas pódense atopar actualizadas na web www.unionfenosa.es (proxectos tipo).

A lonxitude do tramo de alta tensión é de 3'77 Km, e a do tramo de media tensión é de 22'79 Km.



ESCALA 1:75.000

1.1.11. REDE DE AUGA POTABLE

A compañía xestora do servizo é FCC Aqualia, S.A, cunha oficina en Bueu situada en Calle Pazos Fontenla 13 baixo, co número de contacto 986324470. A persoa designada pola empresa para a comunicación/actuación co Concello no caso de catástrofe ou emerxencia:

- Xefe de Servizo, localizable no 699628168.

A denominación da rede localizada no Concello de Bueu é ZA BUEU. Esta rede pública abastece a 5785 usuarios, subministrando diariamente un volume de 2.033 m³/ día considerando o computo anual. A dotación (litros/habitante/día) para o 2019 é de 166 L/habitante/día.

A infraestrutura de distribución auga está formada por:

| Núcleos de poboación | | | Características do servizo |
|---|--|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • A Chadiza • Praia Beluso • A Canceliña • A Carrasqueira • A Civida • Enleito • A Graña | <ul style="list-style-type: none"> • Loureiro • As Means • A Ramorta • Trasouto • Valado • Viso • Bueu | <ul style="list-style-type: none"> • Antepazo • As Castiñans • Castrelo • Sabarigo • Souto • A Torre • Agrelo | Depósito semisoterrado de Castrillón (2.660 m ³). Coordenadas: 517802.80 4684204.70 Descrición do abastecemento: <ul style="list-style-type: none"> • Captación mananciais Hermelo. • Captación mananciais Cela. • Captación Río Bispo. Estacións depuradoras/potabilizadoras: non. |
| <ul style="list-style-type: none"> • A Chadiza • Praia Beluso • A Canceliña • A Carrasqueira • A Civida • Enleito • A Graña • Loureiro, • As Means | <ul style="list-style-type: none"> • Norte • Outeiro • Pitis • A Ramorta • Trasouto • Valado • Viso • Xexide • Bueu | <ul style="list-style-type: none"> • Antepazo • A Cabreira • As Castiñans • Castrelo • Sabarigo • Souto • A Torre • Agrelo | Depósito semisoterrado de Outeiro (1.980 m ³). Coordenadas: 518365.71 4685328.95 Descrición do abastecemento: <ul style="list-style-type: none"> • Captación mananciais Hermelo. • Captación mananciais Cela. • Agua procedente de Pontevedra. Estacións depuradoras/potabilizadoras: non. |
| <ul style="list-style-type: none"> • Bon de Abaixo • Bon de Arriba • Cabalo • A Costa de Figueirón • Chan de Piñeiro | <ul style="list-style-type: none"> • Montemogos • A Roza • Ruanova de Arriba • Ruanova de Abaixo | <ul style="list-style-type: none"> • San Amedio • Sar • Soutelo • Polígono Castiñeiras | Depósito semisoterrado de Castiñeiras (1.000 m ³). Coordenadas: 517802.80 4684204.70 Descrición do abastecemento: <ul style="list-style-type: none"> • Captación mananciais Hermelo • Depósito de Castrillón. Estacións depuradoras/potabilizadoras: non. |

1.1.12. DATOS METEOROLÓXICOS

1.1.12.1. CLIMATOLOXÍA

O estudo climatolóxico do Concello realizouse en base a análise dos datos obtidos de distintas estacións meteorolóxicas escollidas a tal efecto. A estación meteorolóxica máis próxima a Bueu coa que conta a Axencia Estatal de Meteoroloxía atópase en Cangas e recolle dende 1986 datos de precipitación, temperatura e meteoros. Empregaremos este observatorio como referencia principal para caracterizar o clima de Bueu. Esta estación non conta con rexistros de vento, polo que os valores de rachas máximas tomarémolos da estación de Vigo-Bouzas, que se considerou a máis representativa. Tampouco se dispón en Cangas de datos horarios de chuvia, necesarios para os cálculos relativos a precipitacións en unha e doce horas. Para estas variables empregouse a serie do observatorio de Pontevedra. A localización das estacións nomeadas indícase na seguinte táboa:

| Estación | Coordenada X | Coordenada Y | Altitude |
|-------------|--------------|--------------|----------|
| Cangas | 517162.23 | 4677925.18 | 30 m |
| Vigo-Bouzas | 520424.5 | 4674972.78 | 15 m |
| Pontevedra | 380369.97 | 6707600.29 | 108 m |

Para a estimación das frecuencias de vento recorreuse aos valores proporcionados polo modelo Harmonie-Arome de Aemet que, con unha resolución de 2'5 km, describe con bastante precisión a influencia sobre este parámetro de factores locais como as brisas ou a topografía.

O cálculo de períodos de retorno de temperaturas e de valores medios de precipitación efectuouse a partires do período 1986-2018. Os rexistros de vento de Vigo-Bouzas abarcan o período 1994-2009. A serie de precipitación de Pontevedra exténdese dende 1987 a 2019.

Para os períodos de retorno de vento e precipitación empregouse a distribución de Gumbel, aplicada no caso das rachas máxima de vento á serie de cadrados. Os períodos de retorno de temperaturas máximas e mínimas obtivéronse mediante un axuste á distribución xeral de valores extremos. En tódolos casos verificouse a validez do axuste mediante o test Kolmogoroff-Smirnoff.

1.1.12.2. XERALIDADES SOBRE O CLIMA DE BUEU

A influencia marítima determina as características do clima do concello de Bueu, especialmente a súa suavidade térmica e o seu réxime de ventos, que está gobernado en boa medida polo sistema de brisas.

O termo municipal atópase localizado a baixa altitude, con valores máximos que rondan os 400 metros. Pese a que a orografía non pode contribuír significativamente a incrementar a precipitación, rexístrase un promedio anual de arredor de 1300 l/m² anuais (o Atlas Climático da Península e Baleares, dispoñible na web de Aemet, atribúa a Bueu unha precipitación anual media de 1273 l/m² para o período 1971-2000), con episodios ocasionais de chuvias intensas, sobre todo nos meses de outono e inverno. A precipitación media de un mes do verán sitúase arredor dos 30 l/m², mentres que a finais do outono e comezos do inverno recóllense ata 200 l/m² en un mes.

As temperaturas son suaves, con valores medios mensuais que oscilan entre uns 9 grados no inverno e algo menos de 20 no verán. As xeadas son raras e pouco importantes e durante os días máis calorosos do verán a influencia oceánica adoita manter a temperatura por debaixo dos 35°C.

O réxime de ventos reflicte, por un lado, a alternancia característica en Galicia entre o primeiro cuadrante no verán e o terceiro no inverno, e, por outro, o sistema de ventos xerado polo contraste térmico entre a terra e o mar. Este sistema de ventos locais non é exclusivo da costa, maniféstase tamén no interior da ría e chega a afectar á illa de Ons.

Non son infrecuentes as rachas de vento importantes, especialmente no entorno de cabo Udra e, sobre todo, na illa de Ons. Non obstante, na maior parte do municipio non é habitual que durante estes temporais invernales se superen os 100 km/h.


As brétemas, fundamentalmente de orixe marítimo e máis frecuentes nos meses do verán, afectan ao entorno de Bueu durante uns quince días cada ano.

1.1.12.3. DIRECCIÓNS DOMINANTES DO VENTO


A seguinte gráfica amosa as direccións dominantes correspondentes aos anos 2017 e 2018 no punto de estudo máis próximo á localidade de Bueu do modelo Harmoine-Arome de Aemet. Calculáronse cos valores dos análises do modelo ás 00, 06, 12 e 18 horas UTC. As rosas reflicten a presenza de ventos do primeiro e terceiro cuadrante, característicos de toda Galicia, máis frecuentes os primeiros meses do verán e máis habituais os segundos no inverno. Sen embargo, as direccións dominantes en Bueu corresponden a WNW no verán e ao SE no inverno, un esquema que se atopa tamén se distinguimos entre observacións diurnas e nocturnas.

Nas seguintes gráficas amósanse rosas dos ventos obtidas do modelo numérico Harmonie-Arome de Aemet para un punto situado nas coordenadas 518538.88 4685886.23. Os datos corresponden aos análises das horas 00:00, 06:00, 12:00 e 18:00 UTC, durante os anos 2017 e 2018:


Frecuencias anuais (%)




Frecuencias xaneiro (%)



Frecuencias xullo (%)



Frecuencias anuais (%)



Estas direccións corresponden a ventos locais derivados do réxime diario de brisas ou da presenza estacional de centros de altas ou baixas presións de orixe térmico sobre o interior de Galicia.

1.1.12.4. VELOCIDADES MÁXIMAS DO VENTO

A continuación, amósanse os datos correspondentes á estación de Vigo-Bouzas, baseados nos valores de racha máxima anual de vento para o período 1994-2009, do cal puidéronse obter catorce máximos anuais. Amósanse os valores correspondentes a distintos períodos de retorno e o intervalo que proporciona un nivel de confianza do 80%.

| Período de retorno | Racha vento máxima | Intervalo de confianza ó 80 % |
|--------------------|--------------------|-------------------------------|
| 2 anos | 91 Km/h | 87 - 96 |
| 10 anos | 109 Km/h | 103 - 119 |
| 50 anos | 123 Km/h | 115 - 136 |
| 100 anos | 128 Km/h | 119 - 142 |
| 500 anos | 140 Km/h | 129 - 157 |

Vemos que, en promedio, supérase o umbral de 90 km/h unha vez cada 2 anos. A racha máxima que cabe esperar situaríase arredor dos 140 km/h. A racha máis alta rexistrada en Bouzas foi de 102 km/h e tivo lugar o 23 de xaneiro de 2009. Estes valores poden considerarse representativos da maior parte do termo municipal, aínda que, como é lóxico, na zona sur do mesmo, de maior altitude, o nas áreas máis expostas ó vento, como no entorno de cabo Udra, as velocidades serán algo superiores.

Mención aparte merece a illa de Ons, onde son de esperar ventos especialmente intensos. Existen medidas directas de vento en Ons obtidas por unha estación de Meteogalicia. Estes rexistros, que constitúen unha serie aínda curta e os obtidos en estacións costeiras que presentan características comparables en canto a exposición ao vento, permiten estimar que o umbral de 100 km/h supérase en Ons cada ano e que o límite asintótico correspondente a períodos de retorno moi altos estaría por riba dos 170 km/h.

Na seguinte táboa amósanse os períodos de retorno correspondentes aos umbrais que determinan os distintos tipos de alerta na zona de avisos na que se atopa incluído o concello de Bueu: 80 km/h para a alerta amarela, 100 km/h para a laranxa e 140 para a vermella. Cabe esperar episodios de alerta amarela practicamente cada ano e de alerta laranxa unha vez cada catro anos, mentres que as alertas vermellas serían, en cambio, extremadamente raras. A situación é diferente en Ons, onde o valor de 140 km/h que defino o aviso vermello ten un período de retorno de uns 6 anos.

| Período de retorno (valor de racha de vento) | Anos | Intervalo de confianza ó 80 % |
|--|------|-------------------------------|
| 80 Km/h | 1.2 | 1.1 - 1.4 |
| 100 Km/h | 4 | 2.6 - 6.9 |
| 140 Km/h | 507 | - |

A distribución ó longo do ano dos episodios de vento forte pode describirse analizando a presenza de rachas de vento de máis de 90 km/h durante os anos dispoñibles. Na seguinte táboa amósanse, para cada mes do ano, o número medio de caso observados. Concéntranse no final do outono e o comezo do inverno, aínda que tamén se observa algún caso durante o mes de abril.

| Días con racha vento máxima maior a 90 Km/h durante o período 2002-2018 | |
|---|---------|
| Xaneiro | 8 días |
| Febreiro | 1 día |
| Marzo | 0 días |
| Abril | 2 días |
| Maio | 0 días |
| Xuño | 0 días |
| Xullo | 0 días |
| Agosto | 0 días |
| Setembro | 0 días |
| Outubro | 1 día |
| Novembro | 2 días |
| Decembro | 3 días |
| Ano | 17 días |

1.1.12.5. TEMPERATURA

O concello de Bueu participa das características térmicas das Rías Baixas: temperaturas suaves e escasa oscilación por efecto da influencia marítima. No verán, a zona atópase protexida dos ventos relativamente fríos do nordeste que son característicos da estación e ademais son habituais nos días despexados, o que facilita que se acaden máximas elevadas, aínda que situadas varios graos por debaixo do umbral de 40. De feito, tal e como podemos ver na seguinte táboa, que presenta os valores de temperatura máxima correspondentes a certos períodos de retorno entre os anos 1986 e 2018 obtidos a partir dos datos de Cangas, o límite asintótico é inferior a 40°C.

| Periodo de retorno | Temperatura máxima | Intervalo de confianza ó 80 % |
|--------------------|--------------------|-------------------------------|
| 2 anos | 34.8 °C | 34.3 - 35.2 |
| 10 anos | 36.8 °C | 36.3 - 37.1 |
| 50 anos | 37.8 °C | 37.1 - 38.3 |
| 100 anos | 38.1 °C | 37.3 - 38.7 |
| 500 anos | 38.6 °C | 37.5 - 39.7 |

Un de cada dous anos acádanse os 35°C de máxima no verán e con certa frecuencia poden agardarse máximas duns 37°C. O valor máis alto deste parámetro medido pola estación de Cangas (período 1986-2018) foi de 37'5°C e tivo lugar o 7 de xullo de 2013. Na seguinte táboa amósase o período de retorno dos valores umbral para os tres tipos de alerta por temperaturas máximas no axuntamento entre os anos 1986 e 2018.

| Período de retorno (temperatura máxima) | Anos | Intervalo de confianza ó 80 % |
|---|------|-------------------------------|
| 34 °C | 1.5 | 1.3 - 1.7 |
| 37 °C | 12.8 | 8.3 - 35 |
| 40 °C | - | - |

Polo que respecta á frecuencia con que se observan os umbrales de temperatura establecidos para os avisos por situación de calor, obsérvanse os períodos de retorno correspondentes aos tres valores fixados para establecer os distintos tipos de alerta. O correspondente á alerta amarela ten un período de retorno de entre un e dous anos e representa, polo tanto, unha situación relativamente frecuente. A alerta laranxa, en cambio, amosa xa un período de retorno superior a 10 anos e o umbral vermello, situado en 40°C é, como xa sinalamos, moi improbable. Na seguinte táboa amósanse os valores de temperaturas mínimas correspondentes a distintos períodos de retorno entre os anos 1986 e 2018.

| Período de retorno | Temperatura mínima | Intervalo de confianza ó 80 % |
|--------------------|--------------------|-------------------------------|
| 2 anos | 0.5 °C | 0.1 - 0.7 |
| 10 anos | -1.7 °C | -2.3 - -0.9 |
| 50 anos | -3.6 °C | -4.7 - -2.0 |
| 100 anos | -4.4 °C | -5.8 - -2.4 |
| 500 anos | -6.4 °C | -9.2 - -3.2 |

En canto ás temperaturas mínimas, podemos observar como o límite asintótico sitúase arredor dos -6°C e aínda que as mínimas negativas presentan períodos de retorno da orde de 5 anos, as xeadas de certa relevancia, con valores inferiores a -2°C, son moi pouco habituais. Na seguinte táboa amósase o período de retorno dos valores umbral para os tres tipos de alerta por temperaturas mínimas entre os anos 1986 e 2018.

| Período de retorno (temperatura mínima) | Anos | Intervalo de confianza ó 80 % |
|---|------|-------------------------------|
| -1 °C | 5.8 | 4.0 - 11 |
| -4 °C | 69 | 27 - 710 |
| -8 °C | - | - |

Dos umbrales establecidos para alertas meteorolóxicas por temperaturas mínimas, vemos na táboa anterior que o correspondente á alerta amarela aparece, por termo medio, unha vez cada 6 anos, mentres que as probabilidades asociadas aos avisos laranxa e vermello son practicamente nulas. Polo momento, o valor máis baixo rexistrado corresponde ó 28 de febreiro de 2005 e foi de -3'5°C.

1.1.12.6. PRECIPITACIÓNS

Tomando como referencia a estación de Cangas, as precipitacións anuais medias na zona occidental da Península do Morrazo son da orde de 1300 l/m², similares á media de Galicia. A orografía non contribúe a que as cantidades se incrementen, como si ocorre en zonas próximas: o aeroporto de Vigo, por exemplo, rexistra ao longo do ano 1800 l/m² de media. As precipitacións non son especialmente frecuentes (comparadas de novo cos promedios de Galicia), pero poden ser intensas, con 7 días, por termo medio, nos que cada ano se miden cantidades de máis de 30 l/m². As chuvias son especialmente abundantes durante outubro e novembro, meses en que se recolle unha media de 180 l/m² e se manteñen por riba dos 100 l/m² ata o mes de abril. En xullo non se acadan sequera os 30 l/m², seis veces menos que nos meses máis húmidos. Nos períodos máis chuviosos do ano rexístrase precipitación en arredor da metade dos días do mes, mentres que en xullo apenas se contabilizan 5 días con precipitación apreciable. Na seguinte táboa amósanse os datos medios mensuais de precipitación para a estación de Cangas entre os anos 1986 e 2018. A continuación presentamos os datos estatísticos de precipitación por meses:

| Período | Precipitacións medias | Precipitación apreciable | Precipitación >= 10 l/m ² | Precipitación >= 30 l/m ² |
|----------|-----------------------|--------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------|
| Xaneiro | 160 l/m ² | 16 días | 6 días | 1 día |
| Febreiro | 107 l/m ² | 12 días | 4 días | 0 días |
| Marzo | 100 l/m ² | 12 días | 4 días | 0 días |
| Abril | 115 l/m ² | 14 días | 4 días | 0 días |
| Maio | 84 l/m ² | 11 días | 3 días | 0 días |
| Xuño | 48 l/m ² | 7 días | 1 día | 0 días |
| Xullo | 28 l/m ² | 5 días | 1 día | 0 días |
| Agosto | 38 l/m ² | 6 días | 1 día | 0 días |
| Setembro | 76 l/m ² | 8 días | 3 días | 1 día |
| Outubro | 179 l/m ² | 13 días | 6 días | 2 días |
| Novembro | 179 l/m ² | 15 días | 6 días | 2 días |
| Decembro | 158 l/m ² | 14 días | 6 días | 1 día |
| Ano | 1272 l/m ² | 133 días | 45 días | 7 días |

Os avisos meteorolóxicos por chuva baséanse nas precipitacións rexistradas en unha e 12 horas. A continuación preséntanse táboas onde se amosan os valores destas cantidades correspondentes a certos períodos de retorno calculados a partir dos datos rexistrados pola estación de Pontevedra. Da primeira das táboas deducimos que o valor asintótico para precipitacións en unha hora sitúase arredor de 50 l/m², un pouco por debaixo do umbral de alerta vermella, establecido en 60 l/m². Non son de esperar, polo tanto, episodios correspondentes ó aviso vermello. De feito, o valor máximo observado é de 47 l/m², medido o 22 de outubro de 2006. Para a alerta laranxa, o umbral sitúase en 30 l/m² hora, valor que se rexistra, en promedio, unha vez cada 10 anos. Pola contra, a alerta amarela establécese para 15 l/m², que presenta un período de retorno de arredor de un ano. Na seguinte táboa amósanse os valores de precipitación máxima en unha hora correspondente a distintos períodos de retorno.

| Período de retorno | Precipitación en unha hora | Intervalo de confianza ó 80 % |
|--------------------|----------------------------|-------------------------------|
| 2 anos | 19.5 l/m ² | 18.1 - 21.0 |
| 10 anos | 29.7 l/m ² | 27.2 - 33.5 |
| 50 anos | 38.8 l/m ² | 34.9 - 44.7 |
| 100 anos | 42.6 l/m ² | 38.2 – 49.6 |
| 500 anos | 51.4 l/m ² | 45.6 - 60.5 |

Na seguinte táboa amósanse os valores de precipitación máxima en doce horas correspondentes a distintos períodos de retorno (datos das estación de Pontevedra nos anos de 1987 a 2018).

| Período de retorno | Precipitación en 12 horas | Intervalo de confianza ó 80% |
|--------------------|---------------------------|------------------------------|
| 2 anos | 52.8 l/m ² | 50.1 - 55.8 |
| 10 anos | 72.5 l/m ² | 67.6 – 79.8 |
| 50 anos | 89.9 l/m ² | 82.5 – 101.4 |
| 100 anos | 97.2 l/m ² | 88.8 – 110.7 |
| 500 anos | 114.1 l/m ² | 103.15 - 131.5 |

A cantidade máxima en doce horas é de 117 l/m², rexistrada o 16 de outubro de 2014. Un valor extremadamente raro, moi superior ao segundo da serie (83 l/m² o 22 de outubro de 2006) e que, como pode verse, presenta un período de retorno de máis de 500 anos, aínda que non supera o umbral de aviso vermello, establecido en 120 l/m². O valor asignado á alerta laranxa (80 l/m²) presenta, un período de retorno duns 20 anos e a amarela (40 l/m²) acádase practicamente cada ano.

1.1.12.7. METEOROS

A seguinte táboa amósanos os valores medios mensuais de días con néboa e de días con tormenta rexistrados pola estación de Cangas ao longo do período 1986-2018. Preséntanse os valores medios mensuais de presenza de néboas e tormentas na estación de Cangas (1986-2018).

| Valores estatísticos de meteoros | Días con néboa | Días con tormenta |
|----------------------------------|----------------|-------------------|
| Xaneiro | 0.4 días | 0.8 días |
| Febreiro | 0.3 días | 0.6 días |
| Marzo | 0.5 días | 0.7 días |
| Abril | 0.4 días | 1.3 días |
| Maio | 0.7 días | 1.1 días |
| Xuño | 2.0 días | 0.5 días |
| Xullo | 3.3 días | 0.4 días |
| Agosto | 3.5 días | 0.5 días |
| Setembro | 2.8 días | 0.3 días |
| Outubro | 1.1 días | 1.2 días |
| Novembro | 0.4 días | 1.2 días |
| Decembro | 0.2 días | 1.0 días |
| Ano | 15.6 días | 9.6 días |

En total, rexístranse uns 15 días con néboa cada ano, moito máis frecuentes no verán, o que resulta característico das zonas afectadas por néboas de orixe mariño.

As tormentas, en cambio, amosan unha distribución moito máis uniforme ao longo do ano, se ben son algo máis frecuente en primavera, cando se combinan inestabilidade e humidade nas capas máis baixas da atmosfera, así como a finais do outono e comezos do inverno, coincidindo co período máis chuvioso. Neste caso corresponden a tormentas asociadas aos frontes que esta época acadan as costas de Galicia. Os valores reflectidos na táboa fan referencia ás ocasións en que o observador escoitou un trono na estación, o que supón contabilizar tormentas relativamente afastadas. Se consideramos as descargas eléctricas que as tormentas provocan no concello de Bueu, a partires dos datos da rede de descargas eléctricas de Aemet correspondentes ao período 2000-2012, atopamos que se observan descargas un promedio de 4 días por ano, con un máximo en inverno de arredor de dous días. As tormentas poden levar asociadas precipitacións en forma de granizo. Entre os datos dispoñibles, o promedio anual desta forma de precipitación é de, aproximadamente, dous días ó ano.

1.2. DATOS ESPECÍFICOS ASOCIADOS AO RISCO


1.2.1. MASA FORESTAL EXISTENTE NO CONCELLO

O estudo das masas forestais do Concello realizouse elaborando un modelo dixital. Neste estudo, subdividiuse a extensión forestal do Concello en diferentes masas forestais para unha máis sinxela xestión das mesmas, atendendo aos distintos factores: orientación, pendentes, compartimentación por estradas ou vagoadas e xestión das faixas secundarias. A continuación, preséntanse os datos correspondentes a cada unha de estas masas:

| Sectores | Superficie | Cota media | Cota máxima | Pendente media | Orientación predominante |
|----------------------|------------|------------|-------------|----------------|--------------------------|
| MF 1 Resille | 2,22 Ha | 45,80 m | 69,11 m | 12,00% | NO |
| MF 2 Udra | 176,61 Ha | 54, 24 m | 132,10 m | 13,12% | NO |
| MF 3 Monte Roso | 136,58 Ha | 146,47 m | 209,41 m | 15,28% | NO |
| MF 4 Mourisca | 100,88 Ha | 27, 44 m | 91,03 m | 10,73% | O |
| MF 5 Lagos-Bon | 124,79 Ha | 34, 54 m | 110,62 m | 9,58% | O |
| MF 6 Isuas | 71,23 Ha | 60,15 m | 129,38 m | 9,74% | O |
| MF 7 Borrallido | 98,18 Ha | 54, 74 m | 141,51 m | 12,62% | NE |
| MF 8 Nocedo | 76,94 Ha | 152,67 m | 243,24 m | 14,74% | N |
| MF 9 Cividá | 81,27 Ha | 128,87 m | 216,67 m | 15,06% | O |
| MF 10 Bueu | 134,74 Ha | 324,46 m | 408,67 m | 13,84% | NO |
| MF 11 Ermelo | 171,36 Ha | 267,19 m | 371,10 m | 15,71% | O |
| MF 12 Chans | 162,16 Ha | 295,03 m | 390,77 m | 13,51% | NO |
| MF 13 Fonte do Barro | 190,79 Ha | 102,30 m | 193,09 m | 13,98% | O |
| MF 14 Antepazo | 53,29 Ha | 329,01 m | 408,41 m | 12,45% | NO |
| MF 15 Sobreira | 10,46 Ha | 57,28 m | 76,63 m | 10,52% | N |
| MF 16 Coviña | 1,84 Ha | 32,92 m | 40,08 m | 15,00% | N |
| MF 17 Ardán | 0,58 Ha | 19,51 m | 37,92 m | 14,56% | O |

| | | | | | |
|--------------------------|----------|-----------|----------|--------|----|
| MF 18 Lapaman | 1,33 Ha | 151,84 m | 173,51 m | 13,55% | E |
| MF 19 Monte Gordo | 6,74 Ha | 26,10 m | 44,41 m | 17,13% | E |
| MF 20 Xistro | 3,43 Ha | 21,10 m | 35,05 m | 13,50% | O |
| MF 21 Canabido | 5,24 Ha | 75,56 m | 100,69 m | 14,37% | E |
| MF 22 Liboreiro | 5,59 Ha | 246,11 m | 316,35 m | 17,53% | E |
| MF 23 Fonte Eitor | 60,23 Ha | 384,22 m | 441,97 m | 11,03% | NE |
| MF 24 Castiñeiras | 11,92 Ha | 101,84 m | 125,86 m | 16,07% | O |
| MF 25 As Cobas | 4,40 Ha | 78,10 m | 94,54 m | 10,32% | NO |
| MF 26 Laxes | 5,69 Ha | 40, 274 m | 88,73 m | 19,08% | NO |
| MF 27 Cabalo | 17,93 Ha | 66,09 m | 96,43 m | 14,82% | O |
| MF 28 A Chadiza | 9,90 Ha | 36,59 m | 65,20 m | 14,61% | NO |
| MF 29 Figueirón | 7,84 Ha | 90,59 m | 119,16 m | 11,97% | NO |
| MF 30 Ermelo 2 | 49,68 Ha | 72,96 m | 124,86 m | 14,35% | O |
| MF 31 Brille | 16,75 Ha | 75,61 m | 161,42 m | 12,90% | NO |
| MF 32 Lagarteira | 1,39 Ha | 203,46 m | 288,83 m | 14,55% | NO |
| MF 33 A Portela | 52,51 Ha | 395,87 m | 436,64 m | 10,53% | O |
| MF 34 Prado Novo | 36,34 Ha | 234,33 m | 304,95 m | 14,67% | NO |

A localización máis pormenorizada das distintas masas forestais inclúese de forma cartográfica no apartado correspondente do anexo de planimetría.



1.2.2. PISTAS FORESTAIS

Inclúese en anexo o inventario de camiños e pistas forestais do Concello.

1.2.3. REDES DE FAIXAS SECUNDARIAS

As redes de faixas de xestión de biomasa, segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, *teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais*. Para a definición das redes pártese da información de núcleos e equipamentos do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 22 de setembro de 2017.

E da cartografía do catastro inmobiliario, de 20 de maio de 2019, en canto a parcelas e edificacións, fora de núcleo se refire, segundo especificado no punto 1.1.2 SUPERFICIE de este documento. Tamén por ser a parcela catastral a unidade de propiedade, que será utilizada para realizar as oportunas notificacións as persoas propietarias ou que teñan o aproveitamento das parcelas, tal e como se especifica na Lei 3/2007.

Teranse en conta os núcleos de poboación e construcións illadas dos concellos de Cangas e Marín que afectan a parcelas do termo municipal de Bueu. E as parcelas rústicas de Cangas e Marín, afectadas por construcións e núcleos de poboación de Bueu. Se ben, Moaña tamén limita con Bueu, non existen afeccións de construcións ou núcleos de Bueu a parcelas de Moaña, nin tampouco de Moaña a Bueu.

As redes secundarias de Xestión de biomasa definidas neste plan, no afectan as vías de comunicación.

1.2.3.1. ELEMENTOS QUE DEFINEN REDES SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.

Segundo o Anexo II da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia establécese:

- 1) Con edificacións, urbanizacións, vertedoiros, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fora do solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ó monte: 15 metros (tipo 1) cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I da presente Lei e 50 metros (tipo 2) no resto das especies
- 2) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable, 2 metros (tipo 1) cando se empreguen as especies frondosas a Anexo I e 50 metros (tipo 2) no resto das especies.

Polo exposto hai 1046 elementos que causan restrición no que a redes secundarias se refire, e abarcan unha superficie de case 496 Ha. Dous pertencen a Cangas con unha superficie de 23,76 Ha. Quince pertencen a Marín, con unha superficie de 2,92 Ha. Pertencentes ó concello de Bueu, 89 cunha superficie 1,79 Ha están en Ons.

1.2.3.2. REDES SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA POR PARCELA AFECTADA

Entrégase, anexo a este Plan, información vectorial (en formato SHAPE) relativa as afeccións, as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as parcelas afectadas por referencia catastral, para o conxunto do municipio, mais as parcelas afectadas dos municipios limítrofes.

Con respecto as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e o número de parcelas que as restricións afectan a un total de trece mil dúscenas trinta e unha parcelas (13.231 parcelas) con unha superficie afectada seiscentas dezanove con setenta e seis hectáreas (619,76 Ha) repartidas da seguinte forma:

| Localización ou concellos limítrofes | Número de parcelas afectadas | Superficie afectada |
|--------------------------------------|------------------------------|---------------------|
| Bueu | 12.934 | 581,07 Ha |

| | | |
|---------------|--------|-----------|
| Ons | 253 | 37,37 Ha |
| Bueu e Marín | 41 | 1,26 Ha |
| Bueu e Cangas | 3 | 0,05 Ha |
| Total | 13.231 | 619,76 Ha |

Necesitase un elevado número de recursos económicos para levar a cabo toda esta xestión. Débese ter en conta, tamén, que a Lei 3/2007 especifica que se deberá notificar a todas aquelas persoas propietarias que non cumpran con dita Lei para que procedan a xestión da biomasa nas parcelas da súa titularidade.

Para isto depéndese de un elemento de control como un voo LIDAR de resolución espacial de 4 puntos por metro cadrado, ou unha imaxe de satélite con resolución espacial de 0,5 metros por píxel, o que aumenta aínda máis o custo. Sen sumar o de persoal cualificado para levar a cabo ese traballo de co control . Outra alternativa sería a inspección visual, o cal é un proceso tamén custoso no que se necesita persoal con formación.

1.2.3.3. REDES XECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA POR ELEMENTO RESTRITIVO.

Polo especificado no punto anterior entréganse neste proxecto un segundo tipo de redes, definido para cada unha das restricións, no que o Concello podería atender as persoas que interpuxesen denuncia contra a propiedade das súas parcelas veciñas.

Neste tipo, existe un campo identificador, tanto na capa de redes secundarias, como na de parcelas, que permite filtrar que parcelas están afectadas por un núcleo en concreto, ou un parque industrial, ou unha edificación illada.

Tamén vai montado un proxecto nun Sistema de Información Xeográfica gratuito e tamén de código libre, no cal o Concello vai poder axilizar o proceso de redacción de informes. Esta información vectorial esta deseñada, tamén, para implementala nunha aplicación informática.

1.2.4. ÁREAS CORTALUMES

Son superficies relativamente anchas nas que a vexetación natural, densa e moi inflamable, é modificada para conseguir outra vexetación de menor biomasa ou menos inflamable, coa finalidade de que se deteñan os lumes de solo que cheguen cara ela.

No Concello de Bueu, as únicas áreas correspóndense con faixas desvastadas asociadas a liñas eléctricas de media e alta tensión pero que non gardan as distancias normativas referidas aos límites das áreas cortalumes.

1.2.5. PUNTOS DE AUGA CON HIDRANTES

Inclúese en anexo a planimetría correspondente.

1.2.6. PUNTOS DE AUGA SEN HIDRANTES

Inclúese en anexo a planimetría correspondente.

1.2.7. PUNTOS DE AUGA PARA MOTOBOMBA

Hai un punto de captación para motobomba con numeración 36004-001 situado na parroquia de Cela, no lugar de Antepazo, nas coordenadas UTM 521628 4686327.

1.2.8. PUNTOS DE VIXILANCIA

Non constan puntos de vixilancia fixa dentro do termo municipal. Esta labor realízana patrullas móbiles ou os gardas das brigadas forestais.

No verán realízanse quendas de vixilancia na illa de Ons.

CAPITULO 2

COÑECEMENTO DO RISCO E VULNERABILIDADE

2.1. RESUMO DA ANÁLISE DO RISCO

| IPR ⁽¹⁾ | ZAR ⁽²⁾ |
|---|--------------------|
| Alto | Alto |
| <p>(1) A Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal" desenvolve os artigos 11 e 12 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia", determina o Concello de Bueu como zona de Alto Risco de Incendio.</p> <p>(2) No Anexo 5 do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga 2019), inclúese o Concello de Bueu como Zona de Alto Risco (ZAR)</p> | |

Época de perigo alto de incendios forestais: segundo o PEIFOGA, esta época abarca os meses de xullo, agosto e setembro. A análise histórica de lumes no municipio pódese atopar nos anexos.

2.2. ÁREAS OU SECTORES AFECTADOS


Achéganse na seguinte táboa as áreas con risco de incendio forestal e os puntos que, en caso de quedar afectados poden dar lugar, por efecto dominó, a accidentes con afeccións importantes á poboación.

| Masas forestais con risco de incendio forestal | |
|--|--|
| MF2 Udra | Afectación posible por: vivendas ailladas no NW da masa, valor do espazo natural e posible efecto envolvente do lume en comunicación con destino/orixe en Lagos e pequenos núcleos de vivendas sitas no SW da masa. |
| MF4 Mourisca | Existencia de vivendas ailladas na marxe W e con pendentes, limítrofes á súa vez con MF2 Udra. Afectación posible no límite E, na zona de aparcamento da Praia de Tulla e nas vivendas e edificacións mesa área. No caso de incendio, terase que avaliar a ordenación do tráfico no núcleo de Sar, O Cabalo e A Roza, para conseguir establecer unha noria de circulación, priorizando á entrada e saída de equipos de extinción, asistencia sanitaria e seguridade. |
| MF5 Lagos-Bon | Aínda que esta masa forestal presenta poucas pendentes con orientación E, si hai un núcleo posible de afectación no extremo NW, proximidade da Praia de Lagos e vivendas anexas á mesma, así como un pequeno núcleo de vivendas sitas ó S desta masa e en contacto con unha zona de pendentes de orientación E da MF6 Isuas. |
| MF3 Monte Roxo | Masa forestal con alta densidade de vexetación en pendente E é posible propagación en dirección W ao núcleo de Area de Bon. Asemade, posible propagación pola pendente á área do polígono industrial de Castiñeiras e edificacións e naves próximas ó mesmo. |
| MF9 Cividá | A relevancia desta masa forestal é a súa afectación e desencadenante para masas contiguas con fortes pendentes e alta carga ponderada (MF11 Ermelo, MF10 Bueu e parte W da MF13 Fonte do Barro). |
| MF13 Fonte do Barro | Masa forestal extensa (190,79 Ha) con fortes pendentes, alta carga ponderada e escasa vertebración de comunicación. Efectos de simpatía con MF9 Cividá, MF11 Ermelo e MF30 Ermelo 2. |
| MF7 Borrallido | A relevancia desta masa é pola súa afectación posible á comunicación viaria da PO-315 e o acceso a esta vía dende a VG-4.6. |
| MF8 Nocado | Esta masa presenta pendentes illadas con orientación E a afectación posible ao polígono industrial de Castiñeiras, comunicación pola VG-4.6 e proximidade ao emprazamento de almacén de gas natural no termo municipal de Cangas do Morrazo. |

| | |
|-----------------------------|--|
| MF24 Castiñeiras | Masa forestal de escasa superficie e pendente en orientación E con presenza de naves con alta carga ponderada no caso de incendio. Masa proclive de efecto dominó. |
| MF22 Liboreiro | Pequena masa forestal paralela á VG-4.6 e forte pendente E. Afectación posible ó emprazamento de almacén de gas natural sito no límite N do termo municipal de Cangas e restrición posible da circulación da VG-4.6, así como efecto de simpatía coa dorsal de Mesa de Montes (Termo municipal de Cangas) que discorre en orientación N-S. |
| MF10 Bueu | Masa forestal con pendentes E e posible afectación á comunicación na PO-551. Riscos de afectación por simpatía ás masas forestais MF3 Monterroso, MF24 Castiñeiras nas pendentes situadas na marxe W desa masa. Presencia de vivendas illadas nas proximidades de Meiro e Santos Reis. |
| MF11 Ermelo | Masa forestal con unha dorsal de pendentes en orientación E, presenza de núcleo de vivendas e vivendas illadas no entorno de Ermelo. |

Masas forestais con risco de efecto dominó

| | |
|-----------------------------|---|
| MF2. Udra | Alta densidade de ocupación de coches, furgonetas e caravanas, con pernoctas frecuentes de estes elementos móbiles. Aínda que a presenza de edificación illadas é mínima, hai alto risco para vidas no caso dun lume nocturno e colapso de comunicación. Posible afectación ás vivendas illadas e comunicacións perimetrais da Praia de Lagos na MF5 Lagos-Bon. |
| MF5 Lagos-Bon | Un posible incendio forestal nesta zona pode xerar afectacións a distintas vivendas illadas, vehículos móbiles con pernoctas nocturnas e colapso do distinto sistema viario desta zona. |
| MF3 Monterroso | O risco de efecto dominó desta masa forestal preséntase no seu límite S, nos lindes co parque empresarial de Castiñeiras e conseguíntes riscos asociados á actividade industrial, química e afectación a vidas humanas. |
| MF8 Nocado | Masa forestal con posible efecto dominó na súa afectación na marxe E ás actividades e instalación do polígono industrial de Castiñeiras, posible afectación na súa marxe SE ás instalación do depósito de gas natural no termo municipal de Cangas, así como ás comunicación da VG-4.6. |
| MF24 Castiñeiras | Masa forestal de escasa superficie en pendente de orientación E con afectación inmediata a naves e polígono industrial de Castiñeiras. |
| MF22 Liboreiro | Pequena masa forestal con posible efecto dominó na súa afectación na marxe N ás instalación do depósito de gas natural do termo municipal de Cangas, e posible desencadenante de incendio forestal na masa arborada contigua ao S e ao E no termo municipal de Cangas. |
| MF10 Bueu | A relevancia desta masa é o risco que presenta no peche da estrada PO-551 que vertebra gran parte da comunicación do tráfico rodado en dirección Cangas-Marín. Igualmente, presenta un risco alto na súa afectación da dorsal existente na marxe esquerdo desta masa con unha forte pendente orientada ao E, con continuidade ao parque empresarial de Castiñeiras. |
| MF11 Ermelo | Masa forestal con alta densidade arborada e fortes pendentes E na súa marxe dereita. Presenza de núcleo habitado, vivendas illadas e unha única vía de acceso con continuidade forestal nas súas lindes. |



2.3. ELEMENTOS VULNERABLES

Hai unha elevada presenza de edificacións en case que todos os núcleos do rural en contacto con zonas de monte, interface urbano-forestal, xerando unha área proclive con máis frecuencia de incendios forestais e un maior índice de perigo pola afectación posible a bens e vidas humanas.

Na seguinte lista enuméranse os principais núcleos vulnerables posiblemente afectados segundo a análise de riscos. A maiores de estes núcleos indicados, teranse en conta tamén os centros escolares do municipio e os núcleos de actividade das distintas festas populares (asociadas normalmente as capelas).

Núcleo 1. Entorno de Cabo Udra e cercanías da praia de Lagos

Localización: MF2 Udra e MF4 Mourisca

- Pequenos núcleos de vivendas con marcado carácter estacional. Moitas delas en réxime de aluger, polo que débese ter en conta o descoñecemento do lume e do entorno xeográfico por gran parte dos residentes e usuarios da praia de cara os perigos derivados de evacuacións sobrevenidas.
- Hai pernoctas de autocaravanas e furgonetas en aparcamentos e pistas forestais.
- Espazo natural de especial protección.

Núcleo 2. Entorno praia de Tuia

Localización: MF4 Mourisca

- Pequenos núcleos de vivendas con marcado carácter estacional. Moitas delas en réxime de aluger, polo que débese ter en conta o descoñecemento do lume e do entorno xeográfico por gran parte dos residentes e usuarios da praia de cara os perigos derivados de evacuacións sobrevenidas.
- Posible efecto tapón nos núcleos de Sar, O Cabalo e A Roza. Priorizar a toma de decisión sobre a circulación de vehículos en noria sobre a PO-315 e EP-1302.

Núcleo 3. Bon de Arriba

Localización: Núcleo rodeado por MF6 Isuas, MF3 Monte Roxo, MF8 Nocedo e MF Borrallido

- Núcleo con alta densidade de vivendas e vertebrado pola PO-315 en dirección norte-sur.
- Afectación posible por masas forestais nos cuadrantes 1, 2, 3 e 4.

Núcleo 4. Bon de Abaixo

Localización: MF5 Lagos-Bon

- Pequenos núcleos de vivendas con marcado carácter estacional. Moitas delas en réxime de aluger, polo que débese ter en conta o descoñecemento do lume e do entorno xeográfico por gran parte dos residentes e usuarios da praia de cara os perigos derivados de evacuacións sobrevenidas.
- Hai pernoctas de autocaravanas e furgonetas en aparcamentos e pistas forestais.

Núcleo 5. Área de O Valado

Localización: MF3 Monte Roxo

- Masa forestal con significativa pendente en orientación este e posible efecto dominó con afectación ao núcleo de Bon de Arriba na vertente oeste e, ao sur da masa, localízase o polígono de Castiñeiras e algunhas naves diseminadas próximas o mesmo.

Núcleo 6. Polígono de Castiñeiras

Localización: Área industrial rodeada por MF3 Monte Roxo, MF24 Castiñeiras, MF22 Liboreiro e MF8 Nocedo

- Área industrial de aproximadamente 21 hectáreas que concentra a meirande parte do tecido industrial do municipio. Existen industrias con alta carga ponderada de lume e moitas das naves non contan con plans de autoprotección.
- Neste polígono industrial está localizado o almacén de gas natural e o parque comarcal de bombeiros.

Núcleo 7. Entorno da Portela

Localización: Punto limítrofe co Concello de Cangas e rodeado por MF33 A Portela e MF10 Bueu

- Zona de confluencia das principais vías de comunicación que vertebran o Concello na dirección norte-sur pola PO-551 e CG-4.1 e o acceso VG-4.6 dende o corredor ata o parque industrial de Castiñeiras e a saída a rotonda de Aldán (Concello de Cangas).
- Terase en conta a importancia deste emprazamento de cara as labores de seguridade e loxística, evitando o seu colapso circulatorio.

Núcleo 8. Área de Ermelo

Localización: Núcleo rural situado no medio de MF13 Fonte de Barro, MF30 Ermelo 2, MF23 Fonte Eitor e MF11 Ermelo

- Núcleo rural distante en quilómetros e isocronas dos distintos grupos operativos.
- Masa forestal de alta densidade e con grande carga ponderada.
- As vías de evacuación posibles son a través da EP-1306 ou pistas forestais que atravesan as masas forestais circundantes en dirección ó Concello de Moaña.

A localización dos elementos sinalados na análise están incluídos no seu correspondente mapa no apartado de cartografía dos anexos.

2.3.1. EVENTOS/ESPECTÁCULOS NA ÁREA DE RISCO

| Nome do evento | Localización | Ubicación | Data | Aforo aprox. | Pirotecnia | Organización |
|---|-----------------------------------|----------------------|-----------------------|--------------|------------|--|
| Romaría Santos Reis | Capela Santos Reis | 517344.96 4684621.59 | 6 xaneiro | 400 | NON | Asociación Cultural Santos Reis |
| Trail de Cela | Cela e arredores | 520405.98 4686057.88 | Finais de xaneiro | 400 | NON | Club de Atletismo Corredoiras e Concello de Bueu |
| Filloada en Meiro | Recinto da Morada en Meiro | 518322.03 4683899.26 | Martes de Entroido | 700 | NON | Asociación de Veciños A Morada |
| Romaría das Letras Galegas en Sanamedio | Sanamedio - Bon | 516376.37 4684736.47 | 17 de maio | 500 | SI | Asociación Cultural Sanamedio |
| Romaría da Ascensión | Capela Santos Reis - Valado | 517344.96 4684621.59 | Comezos de xuño | 300 | NON | Asociación cultural Santos Reis |
| San Xoán | Diversas praias e espazos da vila | | 24 de xuño | 1000 | SI | Diversos colectivos e asociacións impulsores das fogueiras |
| Cross Cabo Udra | Cabo Udra | 514407.67 4686986.79 | Mediados de xuño | 2000 | NON | Club Deportivo Bueu e Concello |
| Freguifesta Ermelo | Ermelo | 519284.76 4683473.12 | 25 xullo | 500 | NON | Concello de Bueu |
| Freguifesta Sanamedio | Sanamedio - Bon | 516376.37 4684736.47 | 1ª semana agosto | 500 | NON | Concello de Bueu e Asociación cultural Sanamedio |
| Freguifesta Ons | Illa de Ons | 505527.41 4691557.47 | 3ª semana agosto | 500 | NON | Concello de Bueu |
| Freguifesta/Festa Cela | Cela | 520405.98 4686057.88 | 2ª semana agosto | 2000 | NON | Concello de Bueu e Comisión de Festas Cela |
| Freguifesta Beluso | Parque Novas Beluso | | 15 de agosto | 500 | NON | Concello de Bueu |
| Concentración de bicicletas de Meiro | Meiro | 518322.03 4683899.26 | 1ª semana de setembro | 500 | NON | Asociación Cultural e Deportiva Meiro |
| Carreira – Volta Illa de Ons | Illa de Ons | 505527.41 4691557.47 | Outubro | | NON | Concello e Club de Atletismo Corredoiras |
| Festa do Millo corvo | Meiro | 518322.03 4683899.26 | 1º abril | 1000 | NON | Asociación Cultural e Deportiva Meiro |

CAPITULO 3

ACTIVACIÓN DO PLAN

3.1. NIVEIS DE ACTIVACIÓN

PRE-ALERTA

A **fase de pre-alerta** do PAM por incendios forestais está prevista cando as condicións meteorolóxicas indiquen un aumento do risco, ou ben se produza un evento no concello que implique un incremento da vulnerabilidade. Implica a comunicación entre todos os estamentos involucrados para poder establecer, o máis axiña posible, as medidas adecuadas para facer fronte á emerxencia en caso de que se produza.

PEIFOGA en situación 0.

Esta situación de emerxencia é provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só a bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio PAM ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes actúen dentro da súa zona de actuación preferente.

A situación 0 corresponderá con carácter xeral a lumes con IGPO

A PRE-ALERTA non implica a activación do Plan.

ALERTA

O Plan activarase en **fase de alerta** cando o PEIFOGA se atope en situación 1, ben no concello, ben no distrito, ou en incendios xa controlados nos que sexa necesario un control da zona afectada aos efectos de evitar unha reactivación.

En situación 1 do PEIFOGA, os medios propios de intervención do concello non adscritos ao PLADIGA, poderán ser mobilizados pola persoa directora ou responsable das tarefas de extinción, de acordo cun Plan de operacións.

Esta situación é provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poida afectar gravemente a bens forestais e, se é o caso, levemente á poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma. O plan activarase en situación 1 para incendios IGPO cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, pero non é necesario poñer en practica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

EMERXENCIA

O Plan activarase en **fase de emerxencia** cando o CAE-112 informa da activación do PEIFOGA en situación 2, ben por afectación no distrito forestal onde se atopa o concello, ben porque o incendio prodúcese no propio municipio.

Esta situación de emerxencia é provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible poidan afectar gravemente á poboación e ós bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro.

O plan activarase en situación 2 para incendios IGP1ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afectación á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, como evacuación e/ou albergue.

3.2. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN

O nivel de activación do plan é función do tipo de suceso, móstranse na seguinte táboa os diferentes niveis:

| Suceso | Nivel de activación |
|---|---------------------|
| Incendios no concello que se poden solucionar cos medios adscritos ao PLADIGA e a afectación á poboación sexa nula ou moi reducida. | PRE-ALERTA |
| Gran incendio no distrito. Activado PEIFOGA en situación 1. | ALERTA |
| Incendio que afecta á poboación do municipio ou no distrito. Activado PEIFOGA en situación 2. | EMERXENCIA |

A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo director do plan a través do centro de coordinación central do SPDCIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPDCIF.

CAPITULO 4

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

4.1. RESPONSABLE MUNICIPAL DA EMERXENCIA

| Nome / Cargo operativo | Cargo habitual | Teléfono de contacto en caso de emerxencia | Nº de ficha de actuación |
|------------------------|---|--|--------------------------|
| Titular | Alcalde | 618743878 | Ficha 1 |
| Substituto | Vicealcalde. Concelleiro de Facenda e Réxime Interior | 663250169 | Ficha 1 |

Funcións:

- Declarar a activación e desactivación do PAM. Informar ao director do PEIFOGA ao través do CAE 112.
- Convocar aos membros do **Comité Asesor**.
- Constituír e exercer a dirección do **CECOPAL**.
- Informar e coordinarse co director do PEIFOGA.
- Analizar e valorar a situación.
- Avaliar e determinar os elementos vulnerables, poñéndoos en coñecemento do director do PEIFOGA.
- Decidir en todo momento, xunto co Comité Asesor, as actuacións máis convenientes para facer fronte á emerxencia dentro do seu ámbito de responsabilidade e aplicar as medidas de protección á poboación, aos bens e ao medio ambiente.
- Asegurar a execución da parte das funcións que o municipio asume e velar pola correcta execución das mesmas.
- Ordenar a incorporación dos medios e recursos municipais dispoñibles, aos grupos operativos do PEIFOGA, para garantir a protección e a seguridade da poboación.
- Decretar mobilizacións e expropiacións temporais.
- Asegurar o mantemento e a operatividade do PAM.
- Todas aquelas accións necesarias en función do risco.

4.2. COMITÉ ASESOR

| Nome/Cargo operativo | Cargo habitual | Tlfno. de contacto no caso de emerxencia | Núm. da ficha de actuación |
|---|--|--|----------------------------|
| Director técnico da emerxencia | Arquitecto técnico | 670421247 | Ficha 2 |
| Substituto | Arquitecto | 607722940 | Ficha 2 |
| Xefe do grupo local de intervención | Sarxento-Xefe parque de Bombeiros do Morrazo | 608053799 | Ficha 4 |
| Substituto | Cabo parque de Bombeiros do Morrazo | 608054442 | Ficha 4 |
| Xefe do grupo local sanitario | Concelleiro de Deportes e Sanidade | 607724798 | Ficha 5 |
| Substituto | Concelleira de Medio Ambiente | 663250174 | Ficha 5 |
| Xefe do grupo local loxístico e de seguridade | Xefe Policía Local | 607727072 | Ficha 6 |
| Substituto | Axente Policía Local | 986320062 | Ficha 6 |

Funcións:

- Analizar e valorar a situación, asesorando ao director do Plan.

4.3. DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA

| Nome / Cargo operativo | Cargo habitual | Teléfono de contacto en caso de emerxencia | Nº de ficha de actuación |
|------------------------|--------------------|--|--------------------------|
| Titular | Arquitecto técnico | 670421247 | Ficha 2 |
| Substituto | Arquitecto | 607722940 | Ficha 2 |

Funcións:

- Asesorar ao director do PAM directamente e como membro do Comité Asesor.
- Coordinar as actuacións dos Grupos Operativos locais coas dos grupos do Posto de Mando Avanzado.

4.4. GABINETE DE INFORMACIÓN

| Nome / Cargo operativo | Cargo habitual | Teléfono de contacto en caso de emerxencia | Nº de ficha de actuación |
|------------------------|---------------------------------|--|--------------------------|
| Titular | Secretaria da Alcaldía | 673256450 | Ficha 3 |
| Substituto | Auxiliar administrativa da OMIC | 986324625 | Ficha 3 |

O Gabinete de Información situarase na Casa do Concello, Rúa de Eduardo Vicenti, 8, Bueu.

Funcións:

Proporcionar soporte ao director do PAM, de forma coordinada coas actuacións do Gabinete de información do PEIFOGA, nas tarefas seguintes:

- Centralizar, coordinar e preparar a información sobre a emerxencia (elaboración de comunicados, ordes e recomendacións), en coordinación co Gabinete de Información do PEIFOGA, facilitando a información á poboación en nome do director do Plan ao través dos medios de comunicación de titularidade propia.
- Asistir á prensa proporcionando a información necesaria de carácter municipal, en coordinación co Gabinete de Información do PEIFOGA, e corrixindo as informacións erróneas.
- Transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información do PEIFOGA.

As emisoras de radio que se empregarán como medio de difusión durante a situación de alerta ou emerxencia serán:

| Emisora | Frecuencia | Dirección | Teléfono |
|--------------------------|------------|------------------------------------|-----------|
| Radio Galega | 94.4 MHz | Avda. Gran Vía 6, 1º, 36203, Vigo | 986431130 |
| Radio Nacional de España | 90.1 MHz | Lepanto 7, Bajo, 36001, Pontevedra | 986866979 |
| Radio Pontevedra | 98.7 MHz | Castelao 3, 1A, 36001, Pontevedra | 986100300 |
| Radio Vigo | 100.6 MHz | Areal 6, 31, DUP 6-8, 36201, Vigo | 986438700 |
| Cadena COPE | 106.4 MHz | Príncipe 57, Bajo, 36202, Vigo | 986443266 |

4.5. GRUPOS OPERATIVOS

4.5.1. GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN

Na maior parte do concello os lumes presentan características de interfaz urbana/forestal.

Composición:

| Nome / Cargo operativo | Cargo habitual | Teléfono de contacto en caso de emerxencia | Nº de ficha de actuación |
|-------------------------------------|--|--|--------------------------|
| Xefe do grupo local de intervención | Sarxento-Xefe parque de Bombeiros do Morrazo | 608053799 | Ficha 4 |
| Substituto | Cabo parque de Bombeiros do Morrazo | 608054442 | Ficha 4 |

Funcións

Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co xefe do Grupo de Intervención do PEIFOGA ante emerxencias por Incendios Forestais :

- Avaliar, reducir e extinguir o incendio forestal.
- En relación coas funcións de detección e aviso:
 - Descubrir novos focos ou indicios de posibles incendios forestais.
 - Localizar xeograficamente os devanditos focos.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia da evolución da situación en tempo real.

4.5.2. GRUPO LOCAL SANITARIO

| Nome / Cargo operativo | Cargo habitual | Teléfono de contacto en caso de emerxencia | Nº de ficha de actuación |
|-------------------------------|---------------------|--|--------------------------|
| Xefe do grupo local sanitario | Médico Centro Saúde | 986323313 | Ficha 5 |
| Substituto: | Médico Centro Saúde | 061 | Ficha 5 |

Funcións:

Colaborar nas tarefas seguintes, baixo a dirección do xefe do Grupo Sanitario do PEIFOGA:

- Informarse da situación sanitaria na área da emerxencia.
- Establecer e controlar a área sanitaria nunha zona adecuada e segura, próxima ao lugar da emerxencia, de acordo co responsable do Posto de Mando Avanzado (PMA).
- Coñecer o estado e a situación dos afectados.
- Prestar asistencia sanitaria in situ.
- Clasificar, estabilizar e evacuar aos feridos.
- Coordinar o traslado dos feridos aos centros hospitalarios receptores.
- Identificar as vítimas en primeira instancia en colaboración cos servizos correspondentes.

- Cubrir as necesidades farmacéuticas.
- Vixiar e controlar a potabilidade das augas e a hixiene dos alimentos.
- Colaborar na atención psicolóxica aos afectados e aos familiares, sempre baixo á supervisión e as indicacións do GIPCE
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia da evolución da situación en tempo real.

4.5.3. GRUPO LOCAL LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE

| Nome/Cargo operativo | Cargo habitual | Tlfno. de contacto en caso de emerxencia | Núm. da ficha de actuación |
|--|----------------------|--|----------------------------|
| Responsable do equipo operativo de apoio loxístico | Fontaneiro municipal | 986320062 | Ficha 7 |
| Substituto/a | Albanel | 986320062 | Ficha 7 |
| Xefe do grupo local loxístico e de seguridade | Xefe Policía Local | 607727072 | Ficha 6 |
| Substituto | Axente Policía Local | 986320062 | Ficha 6 |

4.5.4. EQUIPO OPERATIVO DE APOIO LOXÍSTICO

Funcións:

- Asumir a xefatura da unidade operativa de apoio loxístico prevista no PEIFOGA, baixo a coordinación xeral do grupo do responsable de Emerxencias da provincia, garantindo o exercicio das seguintes funcións:
 - Función loxística municipal e xestión dos servizos básicos municipais; organizar e dirixir as accións e traballos a realizar para restablecer os servizos básicos municipais.
 - Executar as evacuacións/confinamentos decretados
 - Organizar, albergues, auxilio de material e socorro alimentario á poboación, preparando. no caso que sexa necesario, os lugares de acollida no caso de evacuación ou afastamento.
 - Coordinar as súas actuacións cos outros grupos a través do PMA.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia sobre a evolución da situación en tempo real.

4.5.5. EQUIPO OPERATIVO DE SEGURIDADE

Funcións:

- Colaborar nas tarefas, de acordo co xefe do Grupo de Seguridade do PEIFOGA:
 - Seguridade cidadán.
 - Control de accesos, impedindo o mesmo ás persoas non desexables na extinción.
 - Colaborar nas evacuacións ou confinamentos que se ordenen.

- Regulación do tráfico, tanto nas estradas como nos camiños.
- Facilitar a conducción, tanto por estrada como nos camiños, dos medios de extinción ás zonas sinaladas pola dirección dos traballos.
- Cooperar nos avisos á poboación.
- Asesorar e informar ao responsable municipal da emerxencia da evolución da situación en tempo real.

4.6. CENTROS DE COORDINACIÓN

4.6.1. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA MUNICIPAL (CECOPAL)

Datos de localización

| | |
|----------------------|--------------------------------------|
| Dirección | Rúa de Montero Ríos, 18, 36939, Bueu |
| Teléfono | 986320062 |
| Outras comunicacións | concello@concellodebueu.gal |
| Recursos | Persoal municipal. |

Funcións:

- É o Centro de Coordinación Municipal, que realiza as accións determinadas polo director do PAM. Desde o mesmo diríxense e coordínanse as actuacións dos diversos servizos relacionados co PAM.
- Manter contacto directo e continuo co CAE 112.
- Notificar aos Grupos Operativos e ao CAE 112 a activación e a desactivación do PAM e recibir deste centro, seguindo os protocolos, a información relativa á activación, evolución e desactivación do PEIFOGA.
- Facilitar, se é necesario, a información á poboación do municipio, cos medios oportunos, segundo as circunstancias de risco e a evolución da situación de emerxencia. Esta información deberá consensuarse coa dirección do PEIFOGA.
- Mobilizar e asegurar a transmisión da información e as ordes aos Grupos Operativos locais decididas pola dirección do PAM, así como activar os medios e recursos municipais necesarios.
- Canalizar a orde da autoridade de protección civil municipal de prestación de persoal, a intervención ou a ocupación temporal e transitoria dos bens necesarios para afrontar as situacións de emerxencia.
- Proporcionar soporte aos medios de emerxencia, de seguridade e aos servizos especializados alleos que interveñan no municipio.

4.6.2. POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)

A súa situación, a determina o xefe do Grupo de Intervención do PEIFOGA

Funcións:

- Exercer a coordinación in situ dos traballos dos diferentes Grupos Operativos
- Estar en coordinación co CECOPAL, transmitíndolle información de primeira man.
- Solicitar os medios e recursos precisos para enfrontar a situación.
- Avaliar os danos producidos polo sinistro, baseándose na información recibida dos Grupos Operativos e na previsión de riscos do municipio.

4.6.3. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA (CECOP)

Con carácter xeral, constituirase nas dependencias do Centro de Coordinación Central do SPDCIF, unha vez que se activa o PEIFOGA; se as circunstancias o aconsellan, poderá constituírse de forma íntegra ou parcialmente nas proximidades da zona de emerxencia, ou ben conxuntamente co CECOPAL.

Funcións:

- Centro de Coordinación Operativa (CECOP) constitúese como o centro de mando das emerxencias, que conta cos medios humanos e técnicos que permiten realizar as funcións de dirección e coordinación de recursos, ademais de asegurar as comunicacións co Posto de Mando Avanzado (PMA) e en xeral cos medios externos que puideran verse implicados na emerxencia.

CAPITULO 5

OPERATIVIDADE

5.1. ACTUACIÓNS XERAIS

En época de risco, deberán levarse a cabo as seguintes acción preventivas encamiñadas a eliminar os riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación.

En situación de pre-alerta, realizaranse as actuacións seguintes:

- Seguimento da situación (este seguimento é de tipo interno e por tanto non se contempla a información á poboación).
- Desenvolver as actuacións necesarias para reducir o risco de incendio forestal. En particular, intensificar a vixilancia das zonas forestais, de acordo coas funcións que se recollen neste PAM para os grupos locais de actuación (control de columnas de fume, control da circulación de vehículos por zonas forestais predeterminadas, control de vertedoiros, etc.)
- Transmitir a información sobre calquera anomalía detectada que poida ser significativa.
- Unha posible convocatoria do Comité Asesor, se se considera necesario.
- Comunicación da pre-alerta a tódolos membros do plan.

Para acadar os obxectivos estrutúranse as medidas a través de:

- Accións dirixidas á poboación
- Accións dirixidas ao territorio

5.1.1. ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN

- Regulación das autorizacións e comunicacións de queimas.
- Difusión do risco ambiental que supoñen os incendios forestais e o perigo do lume.
- Presentación do PAM Incendios Forestais de Bueu dando a coñecer as medidas xerais e específicas de prevención nas masas forestais e as accións programadas para ese ano para a millora e eficacia das labores de extinción.
- Difusión nas redes sociais no inicio do verán das recomendacións xerais de prevención e normas de autoprotección.
- Difusión nas redes sociais das sentencias ditadas en materia de incendios forestais, con especial fincapé nas sancións impostas.
- Campaña informativa sobre o uso do lume en propiedades anexas a masas forestais, vivendas illadas e propietarios forestais.
- Fomento da colaboración cidadá e da comunicación de anomalías e alertas preventivas.
- Información previa das medidas a implantar nos eventos ou aglomeracións que se programen nas zonas forestais ou anexas.
- Programación e promoción da vixilancia preventiva e disuasoria con voluntarios e convenios coas comunidades de monte de man común.

5.1.2. ACCIÓNS DIRIXIDAS AO TERRITORIO.

- Instalación de carteleira/sinalización nas áreas recreativas coa mención de prohibición de lumes e recomendacións de boas prácticas para a prevención dos incendios forestais.
- Instalación de carteleira e aviso sobre o disposto na Lei 3/2007 sobre a regulación das condicións de acceso, circulación e permanencia de persoas e bens nos terreos forestais incluídos nas zonas forestais

de alto risco de incendios, nas áreas con protección natural ou naquelas onde exista unha sinalización correspondente á limitación de actividades.

- Mantemento e limpeza das infraestruturas asociadas á prevención e defensa contra os lumes.
- Cronograma e secuenciación da xestión das redes de faixas de xestión da biomasa.
- Control e vixilancia sobre as zonas con vertidos incontrolados.

5.2. PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN. INTERFACE CON PLANS SUPERIORES

Detección en notificación dun incendio forestal

Os avisos de incendio forestal que se reciben no concello deberán comunicarse inmediatamente ao CAE112, ou ben, ao 085.

5.2.1. PROCEDEMENTOS DE ACTIVACIÓN

En función dos niveis e criterios establecidos no punto 3, o PAM, será activado polo alcalde mediante o procedemento establecido, directamente ou a proposta do director do PEIFOGA.

A interface entre o PAM e o PEIFOGA queda definida a partir de:

- A chamada ao CAE-112 que informa ou confirma a activación do PEIFOGA en situación 1 ou superiores.
- A dependencia das funcións do responsable da emerxencia e do Comité de Dirección tal como están plantexadas cando se produce a activación do PEIFOGA. Coordinación co director do devandito Plan.
- A configuración dos Grupos Operativos locais establecidos, adaptada á activación do PEIFOGA, coa integración dos Grupos Operativos locais nos grupos actuantes do Plan especial e a coordinación co resto dos grupos.

Ao producirse a **Activación do PAM**, deberá procederse a:

- Aviso de activación aos xefes dos Grupos Operativos locais. Normalmente farase ao través dunha chamada.
- Constitución dos Grupos Operativos locais.
- Constitución do **CECOPAL**.
- Información á poboación sobre a activación do PAM e das medidas de protección a seguir de acordo coas indicacións do director do PEIFOGA.
- No caso de se constituír o **PMA do PEIFOGA**, establecemento dun contacto permanente.
- Mobilización de medios e recursos asignados ao PAM.
- Activación dos Plans de autoprotección da zona afectada.

Estas accións concrépanse en caso de alerta ou emerxencia da forma seguinte:

- **Activación en alerta:** supón o aviso ao Comité Asesor. A criterio do alcalde, pódese mobilizar o Grupo Local de Intervención.
- **Activación en emerxencia:** supón a convocatoria do Comité Asesor, a constitución do CECOPAL e a mobilización dos grupos operativos establecidos no plan.

5.2.2. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN

Unha vez activado o Plan e constituído o Comité Asesor, o CECOPAL e os Grupos Operativos locais, o director do PAM deberá de manter contacto permanente co director do PEIFOGA, co PMA e cos responsables dos Plans de Autoprotección correspondentes.

5.2.3. ACTUACIÓN DOS GRUPOS OPERATIVOS

Ver as fichas dos procedementos de actuación dos distintos Grupos Operativos no punto 5.2.

5.2.4. SISTEMAS DE AVISO Á POBOACIÓN

Notificación da alerta á poboación, para poñer en práctica tanto as medidas de autoprotección como o confinamento ou a evacuación.

Responsabilidade: en situacións 0 y 1 do PEIFOGA, con carácter inmediato, o Alcalde do concello. En situación 2, esta responsabilidade recae en última instancia no Director do devandito Plan.

Dirección e coordinación das tarefas de aviso: o Alcalde do concello, a maiores do dispositivo municipal correspondente, terá o apoio do grupo operativo de Apoio Loxístico e de Seguridade do PEIFOGA para executar estas tarefas.

Destinatarios dos avisos e medios a empregar (elementos vulnerables incluídos no punto 6.5 dos anexos específicos deste manual):

| Elemento Vulnerable | Denominación da area | Medio de Aviso |
|-------------------------|----------------------|---|
| Entorno praia de Lagos | MF1 e MF15 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Entorno praia de Tuia | MF2 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Bon de Arriba | MF15 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Bon de Abaixo | MF15 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Área de O Valado | MF18 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Área de San Amedio | MF25 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Polígono de Castiñeiras | MF18, MF26 e MF27 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Entorno da Portela | MF28, MF29 e MF30 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Área de Ermelo | MF31 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Vivendas na MF 20 | MF20 | Megafonía en vehículos da Policía Local |
| Vivendas na MF 23 | MF23 | Megafonía en vehículos da Policía Local |

As rutas de aviso ás areas con elementos vulnerables estableceranse por unha rede viaria óptima

Os comunicados tipo de aviso para evacuación ou confinamento achéganse no Anexo 1 deste manual.

5.2.5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA POBOACIÓN

5.2.5.1. CONFINAMENTO, EVACUACIÓN E ACOLLIDA

Como norma xeral, considerase sempre o confinamento como a medida de autoprotección a seguir máis adecuada.

No caso de evacuar algunha zona, con carácter inmediato será o alcalde quen decidirá este feito, coa información subministrada polo Xefe do grupo de Intervención. Unha vez declarada a situación 2 do PEIFOGA será o Director do Plan quen asuma esta decisión, co coñecemento do alcalde. Valorando en calquera caso se existen garantías suficientes de seguridade.

- **Responsabilidade da decisión de efectuar a evacuación da poboación:** Esta responsabilidade recae en última instancia no Director do PEIFOGA, co asesoramento do Alcalde do concello afectado.
- **Dirección e coordinación das tarefas de evacuación:** o xefe do Grupo Local Loxístico para executalas. As tarefas de evacuación van intimamente ligadas ás de aviso á poboación descritas anteriormente.
- **Dirección e coordinación das tarefas de acollida:** o alcalde do concello (a maiores do dispositivo municipal previsto), contando co Grupo Local Loxístico e de Seguridade.
- **Lugares de posible evacuación:** as zonas a evacuar se definiran de acordo coa localización e as características da emerxencia.
- **Centros de acollida de evacuados:** poden existir núcleos de poboación ou casas illadas situados na zona forestal ou próxima a esta que necesiten asistencia para a evacuación, xa sexa pola situación ou polas condicións ou circunstancias de saúde, etc. A relación de centros de acollida do concello indícase na seguinte táboa:

| Centros de acollida | Capacidade | Teléfono | Dirección |
|-------------------------------|----------------|-----------|--------------------|
| Hotel Residencia Alda Bueumar | 51 habitacións | 986390026 | Avda. Agrelo 10 |
| Hotel Incamar | 40 habitacións | 986390026 | Montero Ríos, 147 |
| Pensión Loureiro | 21 habitacións | 986320719 | Lugar Loureiro, 13 |

5.2.5.2. CONTROL DE ACCESOS

O obxectivo do control de accesos é impedir que persoas e vehículos alleos á xestión da emerxencia poidan entrar na zona de risco. Deste modo impídese que estas persoas se poñan en perigo e garántese que no entorpezan aos Grupos Operativos na zona de risco. Outro obxectivo, no seu caso, é o control e a ordenación do tráfico nas zonas adxacentes, co obxecto de facilitar a chegada de novos recursos.

En función da localización do accidente establecerase os controis de acceso necesarios.

5.3. INTERFACE COS PAU

Detállanse en anexo os distintos plans de autoprotección existentes no Concello.

5.4. FICHAS DE ACTUACIÓN

| | |
|---------|--|
| FICHA 1 | RESPONSABLE MUNICIPAL DA EMERXENCIA |
| FICHA 2 | DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA |
| FICHA 3 | XEFE DO GABIENETE DE INFORMACIÓN |
| FICHA 4 | XEFE DEL GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN |
| FICHA 5 | XEFE DO GRUPO LOCAL SANITARIO |
| FICHA 6 | XEFE DO GRUPO LOCAL LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE |
| FICHA 7 | XEFE DO GRUPO DE REHABILITACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS |

| FICHA DE ACTUACIÓN 1 | DIRECTOR DO PLAN |
|--|------------------|
| ACCIÓNS QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Avisado do sinistro ou da previsión de risco: deberá informar os órganos e autoridades que se indiquen en cada caso. • Contactar co CIAE112 para: <ul style="list-style-type: none"> ○ Confirmar o aviso, ampliar e contrastar a información. • Facer unha valoración inicial ampliando, se é necesario, a información relativa a: <ul style="list-style-type: none"> ○ Determinar con exactitude o lugar e o alcance do accidente. ○ Persoas afectadas. ○ Danos materiais. | |
| <u>Fase alerta</u> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Dar a orde de tomar as medidas preventivas necesarias. • Se o considera conveniente, dar a orde de activar formalmente o plan no nivel de alerta e darlles o aviso aos membros do Comité Asesor, sen convocalos. Comunicar esta activación ao CIAE112. • Facer un seguimento da alerta e, se o cre conveniente, dirixirse ao CECOPAL. • Facer o mantemento de contactos co CIAE112. | |
| <u>Fase emerxencia</u> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Debe contactar co director do Platerga, para concretar a activación do plan de forma coordinada. Debe de activar o plan no nivel de emerxencia e comunicarlle esta activación ao CIAE112. • Co Comité Asesor, debe decidir a constitución dos grupos operativos locais. • Constituír o CECOPAL. Deberá de ampliar, se é posible, as liñas e os aparatos de comunicación (teléfono, fax e radio). • Avaliar os posibles riscos á poboación. • Dar a orde de tomar as medidas preventivas necesarias e/ou de intervención no sinistro. • Verificar a realización das tarefas encomendadas ao municipio. Especialmente o relativo a: <ul style="list-style-type: none"> ○ Avisos á poboación, especialmente aos elementos vulnerables. ○ Tarefas de evacuación e acollida. ○ Organización da loxística municipal. ○ Apoio á intervención. • Solicitar, no caso de ser necesario, o apoio dos grupos actuantes do Plan TRANSGAL. • Facer o seguimento do accidente dende o CECOPAL. Ao longo da emerxencia debe manter contactos co director do PLATERGA en nivel superior, e o PMA, para facer o seguimento da emerxencia, contrastando informacións e previndo posibles necesidades. • Recoller información e transmitir os datos significativos ao Gabinete de Información. Conxuntamente con este Gabinete de Información, atenderá a prensa que se encontra cubrindo a emerxencia. Transmitirá, unicamente, a información a nivel municipal. Os datos de carácter global, proporcionaraos sempre o Gabinete de Información do Plan TRANSGAL. | |
| <u>MEDIOS E RECURSOS</u> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Os propios do concello. • Servizos, empresas e persoas do municipio. | |
| <u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL. | |
| <u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • Modelos de comunicados: de activación, de desactivación, de evacuación e de confinamento. • PLATERGA E PEMU. | |

| FICHA DE ACTUACIÓN 2 | DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA |
|--|--------------------------------|
| ACCIÓNS QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <p><u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Aviso do sinistro ou previsión do risco. • Valoración inicial. <p><u>Fase alerta</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o cre conveniente, aviso ao responsable do plan mantendo o contacto para indicarlle como evoluciona o sinistro. • Se o cre conveniente, suxerirle ao responsable do plan (o alcalde) dar a orde de avisar aquelas persoas ou aqueles servizos que teñen que tomar as medidas preventivas necesarias (en caso de avisalos, será a encargada de coordinalos). • Estar en alerta e facer o seguimento. <p><u>Fase emerxencia</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Aviso ao responsable do plan (alcalde). • Suxerir ao responsable do plan (alcalde) dar a orde de avisar aquelas persoas ou aqueles servizos que teñen que tomar as medidas preventivas necesarias e/ou intervir no sinistro. • Coordinar os servizos municipais que estean a actuar no sinistro ou tomen medidas preventivas. • Dirixirse ao CECOPAL. <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Comunicaci3ns. <p><u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • En caso que se active o plan, ao CECOPAL. • No caso de terse constituído, ao PMA. <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Listaxes telef3nicas. • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • Modelos de comunicados. • PLATERGA, PEMU, Plan de autoprotección dos centros habilitados como refuxio ou acollida. | |

| FICHA DE ACTUACIÓN 3 | XEFE DO GABINETE DE INFORMACIÓN |
|---|---------------------------------|
| ACCIÓNS QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <p><u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Centralizar, coordinar e preparar a información que recibe, sobre a emerxencia e facilitárllela á poboación, aos grupos operativos ou outras administracións a través dos medios de comunicación. <p><u>Fase alerta</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Difundir en nome do director a declaración de alerta do Plan de emerxencia municipal. • Difundir os consellos de autoprotección axeitados á poboación durante a situación de risco (ver anexo específico). • Recoller e difundir a información sobre a situación de risco. • Difundir en nome do director a desactivación do plan. • Unha vez pasada a situación de risco, atender os medios de comunicación social, proporcionándolles a información necesaria e corrixir informacións erróneas. <p><u>Fase emerxencia</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Difundir en nome do director a declaración de emerxencia do Plan de emerxencia municipal. • Preparar e difundir as mensaxes de información á poboación durante a situación de emerxencia (ver anexo específico): <ul style="list-style-type: none"> ○ Sobre o risco e sobre as medidas de autoprotección. ○ Sobre as medidas que se están a levar a cabo para resolver a situación e para manter as subministracións esenciais. • Recoller e difundir a información sobre a situación de risco, en coordinación co Gabinete de Prensa do Plan TRANSGAL. • De ser o caso, control da listaxe de persoas evacuadas e/ou confinadas e lugar onde están situadas, a través do Grupo de Acción Loxístico e de Seguridade. • Se é necesario garantir a constitución dun punto de información á poboación e aos medios de comunicación, con información da localización dos afectados e con información contrastada e autorizada sobre o sinistro e os medios dispostos para resolvelo. • Difundir en nome do director a desactivación do plan. • Pasada a emerxencia, atender os medios de comunicación social, proporcionando a información necesaria e corrixindo informacións erróneas. <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Medios propios do concello. <p><u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL. <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Listaxes telefónicas. • Modelos de comunicados. • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • PLATERGA E PEMU. | |

| FICHA DE ACTUACIÓN 4 | XEFE DO GRUPO DE INTERVENCIÓN |
|---|-------------------------------|
| ACCIÓNS QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <p><u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u></p> <p>Unha vez recibido o aviso da situación de emerxencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Debe contactar co alcalde (ou o seu substituto), demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarase ata el. • Debe contactar cos membros do grupo e convocalos no concello. • De acordo co alcalde e segundo as necesidades, constituirá o grupo co persoal axeitado que reúna as seguintes características: <ul style="list-style-type: none"> ○ Tendo en conta as características físicas e os coñecementos, os equipos de axuda á intervención. • Organizar os relevos cando sexa conveniente. • De acordo co responsable do Grupo de Acción Loxístico e de Seguridade, organizar o avituallamento dos equipos. • Informar das rutas de carga/descarga dos vehículos de extinción e noras do servizo de ambulancias <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Medios propios do concello / Mancomunidade. <p><u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL. • PMA. <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • Manual operativo. • Listaxes telefónicas. | |

| FICHA DE ACTUACIÓN 5 | XEFE DO GRUPO DE ACCIÓN SANITARIO |
|--|-----------------------------------|
| ACCIÓNS QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <p><u>FUNCIÓNS/ACCIÓNS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí. • Activar o Grupo de Acción Sanitario. • Unha vez declarada a activación do Plan de protección civil municipal, o responsable do grupo asignará asistencia sanitaria no lugar do accidente dende onde se asistirá e decidirá o traslado de posibles vítimas ao hospital máis próximo ou ao máis indicado. • Decidir a localización das ambulancias necesarias, de acordo co xefe do Grupo de Intervención. • Organizar, conxuntamente co xefe do Grupo Loxístico e de Seguridade, a asistencia sanitaria das persoas evacuadas aos lugares de acollida do concello, se é o caso. <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Medios propios do concello / Mancomunidade/Provincia. <p><u>LUGAR AO QUE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • Manual operativo. • Listaxes telefónicas. | |

| FICHA DE ACTUACIÓN 6 | XEFE DO GRUPO DE ACCIÓN LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE |
|---|---|
| ACCIÓNS QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <p><u>ACCIÓNS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Contactar co alcalde, demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarse ata alí. • Activar o Grupo de Acción Loxístico e de Seguridade. <p><u>ACCIÓNS RESPONSABLE UNIDADE DE APOIO LOXÍSTICO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Cuantificar, prever e ter localizados os medios extraordinarios dispoñibles no municipio (ver en anexos, o directorio telefónico que acompaña a este manual). • Xestionar de mutuo acordo a demanda dos recursos necesarios, públicos ou privados, que se poden obter no termo municipal. • Controlar o uso dos recursos xestionados e o seu estado. • Se é o caso, activación dos centros de acollida e os seus responsables. • Se é o caso, establecerá, o reforzo das comunicacións do centro de acollida. • Prever o avituallamento dos centros de acollida. • Manterá contacto co xefe e organizará, xuntamente co Grupo Sanitario posibles atencións nos centros de acollida. • A demanda de recursos alleos ao municipio farase sempre dende o CIAE112. <p><u>ACCIÓNS RESPONSABLE UNIDADE DE SEGURIDADE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Establecer o aviso telefónico e/ou o desprazamento aos núcleos illados. Considerar se é necesario o confinamento ou a evacuación. (Ver o directorio telefónico e o cadro de elementos vulnerables nos anexos que acompañan a este PAM). • Determinar conxuntamente co alcalde a necesidade de informar o conxunto da poboación. • En caso de evacuación, determinarase conxuntamente co alcalde, en función da área que se vai evacuar, o centro ou centros de acollida. • Encargarlles aos membros do grupo: <ul style="list-style-type: none"> ○ O control de accesos nas vías que permiten acceder aos lugares de intervención, para impedir o acceso de persoas non autorizadas. ○ Sinalización das vías de acceso, para favorecer a chegada dos grupos actuantes. • Establecer a mensaxe e determinar as rutas de aviso e evacuación. • Mobilizar, en caso de ser necesario, os medios de transporte necesarios para a evacuación. • Executar a evacuación. • Prever, co xefe do Grupo Loxístico e de Seguridade do Plan TRANSGAL, a vixilancia das zonas evacuadas. • No caso de recibir axuda de medios externos contemplar a posibilidade de enviar unha unidade para a recepción da axuda e conducila ao lugar de acción determinado. • Informar das rutas de carga/descarga dos vehículos de extinción e norias do servizo de ambulancias <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Medios propios do concello. <p><u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL • PMA <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Listaxes telefónicas. • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • PLATERGA E PEMU. | |

| FICHA DE ACTUACIÓN 7 | XEFE DO GRUPO DE REHABILITACIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS |
|---|---|
| ACCIÓN QUE SE VAN A REALIZAR | |
| <p><u>FUNCIONES/ACCIONES</u></p> <p>Unha vez recibido o aviso da situación de emerxencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Debe contactar co alcalde (ou o seu substituto), demandando información e instrucións. Se o alcalde constitúe o CECOPAL, desprazarase ata el. • Debe contactar cos membros do grupo e convocalos no concello. • De acordo co alcalde e segundo as necesidades, constituirá o grupo co persoal axeitado que reúna as características idóneas para solventar a emerxencia e restaurar a normalidade o máis pronto posible. • Organizar os relevos cando sexa conveniente. • De acordo co CECOPAL, coordinarse na rede de traballos e accións prioritarias que se determinen necesarias cos xefes das distintas empresas de servizos esenciais. • Informar das rutas de carga/descarga dos vehículos necesarios para levar a cabo as tarefas. <p><u>MEDIOS E RECURSOS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Medios propios do concello / Mancomunidade. <p><u>LUGAR ONDE DIRIXIRSE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CECOPAL. • PMA. <p><u>DOCUMENTACIÓN NECESARIA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Cartografía xeral e cartografía específica (ver anexo específico deste PAM). • Manual operativo. • Listaxes telefónicas. | |

ANEXOS

ANEXO 1. DIRECTORIO TELEFÓNICO

Cando se teña coñecemento dun accidente, poñerase en marcha o Plan de chamadas de acordo coa lista seguinte:

| Responsable | Nome | Teléfono de contacto en caso de emerxencia |
|---|--|--|
| CECOP/CAE-112 | | 112 |
| Responsable municipal da emerxencia | FÉLIX JUNCAL NOVAS | 618743878 |
| Director técnico da emerxencia | ALFREDO DE LA CAMPA FERVENZA | 670421247 |
| Xefe do Gabinete de Información | TENSI GESTEIRA ESTÉVEZ | 673256450 |
| Xefe do Grupo Local de Intervención | JUAN JESÚS MARIÑO MARIÑO | 608053799 |
| Xefe do Grupo Local Sanitario | RICARDO VERDE PIÑEIRO | 607724798 |
| Xefe do Grupo Local Loxístico e de Seguridade | BENITO POUSO CARRERA | 607727072 |
| Substitutos | | |
| Substituto como responsable da emerxencia | JULIO VILLANUEVA GONZÁLEZ | 663250169 |
| Substituto como director técnico da emerxencia | FRANCISCO JAVIER ANTOÑÓN CLEMENTE | 607722940 |
| Substituto do Gabinete de Información | MANUELA MILLÁN OTERO | 986324625 |
| Substituto do Grupo Local de Intervención | Cabo parque de Bombeiros do Morrazo | 608054442 |
| Substituto do Grupo Local Sanitario | Médico de garda | 061 |
| Substituto do Grupo Local Loxístico e de Seguridade | Axente Policía Local | 986320062 |

O contido das chamadas dependerá da decisión do alcalde: información unicamente, ou ben información e convocatoria do Comité Asesor ao CECOPAL.

Municipios próximos:

| Nome do municipio | Teléfono de contacto en caso de emerxencia |
|-------------------|--|
| Cangas | 986 303031 (Policía Local) |
| Moaña | 986 311656 (Policía Local) |
| Marín | 986 882017 (Policía Local) |
| Pontevedra | 986 833080 (Policía Local) |
| Vigo | 986 810101 (Policía Local) |

ANEXO 2. MODELOS DE COMUNICACIÓN

- MODELOS DE BANDO PARA ORDES DE EVACUACIÓN OU DE CONFINAMENTO
- MODELOS DE COMUNICADO PARA ORDES DE EVACUACIÓN OU DE CONFINAMENTO



BANDO – ORDE DE EVACUACIÓN

O concello de Bueu comunica que se debe evacuar a zona (especificar nome de rúas/zonas) Seguindo as seguintes instrucións:

- Diríxanse cos seus vehículos a (especificar traxecto ou ruta a seguir, se procede)
- Se non posúe medio de transporte propio, diríxase a (especificar dirección)
- Leve consigo unicamente o que sexa imprescindible (documentación; medicación, se a precisa; cartos...). Se vostede vai moi cargado, a evacuación non poderá ser tan rápida e áxil como é necesario.

Asinado polo Sr. Alcalde, Don

En Bueu a de De 20....



BANDO – ORDE DE CONFINAMENTO

O concello de Bueu comunica que a poboación, barrio, debe quedarse confinada ou pechada na súa casa. Sigán as seguintes instrucións:

- Péchese na súa casa; se está na calle, péchese no edificio máis próximo.
- Peche portas e fiestras.
- Pare os sistemas de ventilación e climatización.
- escoite a radio: irase informando da situación
- Non salga de casa ata que se indique.

Asinado polo Sr. Alcalde, Don

En Bueu, a de De 20....



COMUNICADO DE EVACUACIÓN

ATENCIÓN, ATENCIÓN

O Concello comunica á poboación, barrio que debe quedarse confinada ou pechada na súa casa. Siga as seguintes instrucións:

- Péchese na súa casa, se se atopa na rúa fágao no edificio máis próximo
- Peche portas e fiestras
- Pare os sistemas de ventilación e climatización
- Escoite a radio: irase informando da situación
- Non saia de casa a non ser que se lle indique



COMUNICADO DE CONFINAMIENTO

ATENCIÓN, ATENCIÓN

O Concello comunica que se debe evacuar esta zona. Siga as seguintes instrucións:

- Diríxanse, cos seus vehículos, a
- Se non posúe medio de transporte, diríxase a
- Peche ben portas, fiestras e persianas

En, poderá esperar ata que teña pasado o risco. Seguirase informando.

ANEXO 3. CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO

Guía elaborada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior coa colaboración da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, Publicada pola Xunta de Galicia.

PROTECCIÓN CIVIL DA XUNTA DE GALICIA

MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN FRONTE AO RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS

Que facer para evitar o lume e protexer as
nosas casas dos incendios forestais

Plan especial de protección civil ante
o risco de incendios forestais en Galicia



Índice

| | |
|--|----|
| 1. Coñece o monte e o risco de incendio..... | 3 |
| 2. As faixas de protección ou de xestión de biomasa | 4 |
| 3. Como mellorar a protección da nosa casa ante os incendios forestais | 6 |
| 4. Como mellorar a protección das aldeas, urbanizacións e casas illadas ante os incendios forestais..... | 8 |
| 5. Que facer cando vemos un incendio forestal | 10 |
| 6. Sistemas de alerta en caso de incendio | 11 |
| 7. Normas de actuación en caso de emerxencia por incendio forestal en núcleos habitados..... | 12 |
| A. Confinamento na casa..... | 12 |
| B. Protección activa da casa | 13 |
| C. Evacuación programada da vivenda | 14 |
| 8. Como protexernos do incendio no monte | 15 |
| 9. Como protexernos do incendio no coche | 16 |
| 10. ¿Estamos protexidos/as ante os incendios forestais? Listaxe de verificación..... | 17 |

I | Coñece o monte e o risco de incendio

Galicia ten 314 municipios con 31.550 núcleos de poboación e unha superficie forestal de 1,4 millóns de hectáreas (o 66 % do territorio). A dispersión da poboación, o minifundismo e a ubicación de vivendas dentro das zonas forestais supoñen un risco potencial para as persoas e os bens en caso de incendio.

O incendio forestal máis común en Galicia é o lume de solo que se inicia nos combustibles lixeiros pegados ao chan. Pero o máis perigoso é o de copas que se produce cando, debido á continuidade vertical e horizontal da vexetación, as lapas pasan ás copas das árbores. Son os máis perigosos porque avanza a gran velocidade, orixinan focos secundarios e poñen en perigo persoas, casas e infraestruturas no medio rural.

O fin desta guía é aconsellar sobre as medidas de autoprotección individuais e colectivas das casas, aldeas e urbanizacións fronte aos incendios forestais.

Tamén se dan recomendacións sobre as formas de actuar en caso de emerxencia por incendio forestal en núcleos habitados.




2 | As faixas de protección ou de xestión de biomasa

O comportamento do incendio depende do tempo atmosférico (calor e vento), do combustible vexetal dispoñible e da topografía. Non podemos actuar sobre o relevo nin sobre o clima pero si sobre a vexetación rompendo a súa continuidade.

A Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, obriga a manter faixas de protección arredor de núcleos de poboación, casas illadas, equipamentos sociais, polígonos e outras edificacións situadas en zonas forestais e nas súas áreas de influencia (zonas circundantes a menos de 400 metros do monte).

As faixas (denominadas secundarias) son bandas de terreo onde se modifica o tipo, altura, volume e estrutura da vexetación mediante traballos silvícolas (rozas, rareos e podas) para evitar a propagación do lume e facilitar a súa extinción.




Se temos edificacións ou explotacións agrarias nunha zona forestal ou preto dela, podemos defendelas mediante a xestión correcta da biomasa vexetal destas faixas.

Todas as persoas propietarias ou titulares dos dereitos dos predios teñen a obriga de manter estas faixas e realizar a xestión da biomasa antes do 30 de xuño de cada ano.

A xestión da biomasa consiste en manter libre de maleza e rarear e podar o arboredo nunha franxa perimetral de 50 m arredor de solo urbano, núcleos rural e urbanizable, urbanizacións, edificios, vivendas illadas, depósitos de lixo e parques e instalacións industriais nas zonas forestais e de influencia forestal. Nesta banda, as árbores deberán estar suficientemente rareadas e separadas entres si.

Ademais, nos primeiros 30 m da faixa non poderá haber especies que favorezan a propagación do lume como piñeiros, acacias e eucaliptos, toxos ou xestas.




3 | Como mellorar a protección da nosa casa ante os incendios forestais


Ante un incendio forestal, o máis seguro é estar lonxe do lume, pero non sempre é posible. De feito, nalgúns casos pode ser moi perigosa a evacuación.

Deseguido damos uns consellos para preparar a nosa casa como refuxio en caso de confinamento:

- Manter unha franxa totalmente libre de vexetación e de restos vexetais de polo menos 2 metros arredor das fachadas e de 10 m libres de árbores.
- Na leira ou xardín, favorecer a descontinuidade vertical e horizontal do combustible vexetal, mantendo ás árbores e arbustos separados suficientemente e podados ata 3,5 metros de altura.
- Manter os alboios de leña separados da vivenda. Os silos de biomasa forestal (estelas ou pellets) estarán en recintos illados, protexidos e ventilados.
- Os depósitos de combustibles líquidos (gasóleo) e gasosos (propano, bombonas de butano, etc.) estarán en recintos protexidos e ventilados.
- Coidado coa cheminea! Cómpre protexela para evitar que entren na casa faíscas ardendo.
- Limpar os tellados e canlóns de follas, ramallada e outros restos vexetais que poidan arder.



- Ter unha manguera de rega flexible e longa de sobras que dea para rodear a casa.
- Dispor de extintores polivalentes ABC (lumes de sólidos, líquidos e corrente eléctrica) en garaxe, cociña e sobrados.
- Evitar os peches estremeiros sintéticos (policarbonatos, metacrilatos, PVC, etc). Evitar tamén as mallas de ocultación vexetais (uz ou canizo). Son moi inflamables.
- No xardín e sebes perimetrais empregar preferentemente arbustos de folia verde todo o ano. Rexeitar as especies arbóreas altamente combustibles.
- As parrillas serán preferentemente de obra e estarán rodeadas por unha devasa de 3 m.
- As queimas de restos vexetais ou forestais amoreados en terreos agrícolas ou en terreos forestais (e nas súas zonas de influencia), están suxeitas respectivamente a comunicación ou autorización de queima. Están prohibidas nas épocas de perigo alto de incendios (xullo, agosto e setembro) ou cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control.
- Buscade alternativas ao uso do lume e, en caso de empregalo, extremade as precaucións e facelo nas épocas e zonas permitidas.



4 | Como mellorar a protección das aldeas, urbanizacións e casas illadas ante os incendios forestais

De seguido damos uns consellos para evitar a propagación do lume nos núcleos habitados e noutras edificacións se chega o incendio:


Protexendo os núcleos de poboación, as casas illadas e os arredores

- Cumprir as normas de faixas de protección ante os incendios establecidas na Lei para as casas illadas e núcleos situados en zonas forestais e de influencia (situadas a menos de 400 m do monte).
- Manter limpas de maleza e de restos vexetais as parcelas edificables nos núcleos rurais e rarear e podar o arboredo.



Facilitando o acceso aos medios de extinción e evacuación

- As vías de acceso teñen que permitir o paso de vehículos de extinción e de evacuación de persoas.
- As vías e camiños de acceso ás casas, núcleos, urbanizacións e outras edificacións deberán estar limpos na plataforma de rodamento e nos 2 metros desde a aresta exterior.
- Sinalizar as rúas ou camiños sen saída.
- Coidar a numeración visible e correcta das casas.
- As urbanizacións estarán equipadas con rede de hidrantes.
- Non aparcar en rotondas e rúas estreitas para non dificultar o paso dos vehículos de emerxencias.
- As árbores dos espazos comúns non deben invadir as parcelas e estarán podadas ata 3,5 m para facilitar o paso de camións contra incendios.



5 | Que facer cando vemos un incendio forestal

- Chamar ao 085 ou ao 112 e dar toda a información posible.
- Alertar á veciñanza.
- Actuar segundo o plan de autoprotección no caso de urbanizacións que contén con el.
- Seguir sempre as indicacións dos medios de extinción, bombeiros, protección civil e corpos de seguridade.
- Prepararse para, se for necesario, aplicar as medidas de actuación (confinamento ou evacuación). Cómpre coñecer as vías de acceso e de evacuación da nosa vivenda.



6 | Sistemas de alerta en caso de incendio forestal

Cando a túa casa, granxa, aldea ou urbanización está ameazada por un incendio forestal, podes recibir avisos e información a través de varias canles:

- ➔ Megafonía móbil dos vehículos de protección civil e corpos de seguridade (garda civil, policía local e policía nacional).
- ➔ Aviso personalizado directo (porta a porta) en lugares pequenos ou casas illadas.



7 | Normas de actuación en caso de emergencia por incendio forestal en núcleo habitado

Dependendo das dimensións e características do incendio forestal e dos riscos, as autoridades poden determinar varias medidas de actuación.

A. CONFINAMENTO NA CASA

A casa é o lugar máis seguro cando o lume avanza rapidamente e a evacuación pode resultar perigosa. Se as autoridades non vos dan outras instrucións, refuxiádevos na casa e seguides os seguintes consellos:

- Entrade toda a familia na vivenda e mantédevos agrupados/as. Pechade os animais domésticos.
- Retirade calquera obxecto combustible de arredor da casa.
- Pechade portas, ventás e chaves de paso de gasóleo, gas e outros combustibles.
- Tapade calquera abertura para evitar a entrada de fume e gases do incendio. Preparade os extintores.
- Enchede de auga a bañeira e lavadoiros. Mollade de seguido as zonas ameazadas polas lapas.



B. PROTECCIÓN ACTIVA DA CASA

En caso de confinamento na casa, ademais de seguir os consellos anteriores, pódense aplicar as seguintes accións directas de defensa contra o lume:

- Para loitar contra o lume cómpre protexerse con roupa de algodón de manga longa, calzado pechado e tapar a boca cun pano húmido para respirar.
- Colocar mangueras de auga que cheguen a todos os puntos da casa.
- Mollar o perímetro da parcela e da vivenda e apagar os pequenos lumes que se produzan.



C. EVACUACIÓN PROGRAMADA DA VIVENDA

As autoridades poden ordenar a evacuación cando o percorrido de escape sexa seguro. Cómpre seguir as seguintes normas:

- Pechar as portas, ventás e chaves de paso de gasóleo, gas e outros combustibles.
- Evacuar axiña pero con calma. ¡Teñen prioridade os cativos e cativas, as persoas maiores e as persoas con dificultades!
- Marchade en dirección contraria ao lume ata chegar a un lugar seguro (designado polas autoridades).
- Librar e facilitar o paso aos vehículos de emerxencia.



8 | Como protexernos do incendio no monte

Se o incendio forestal nos colle no monte atenderemos ás seguintes recomendacións:


- Fuxir en dirección contraria ao lume e intentar rodealo ou pasar directamente ao queimado. No correr cara arriba cando o lume sobe pola ladeira.
- Poñer un pano mollado na cara para evitar o fume.
- Fuxir das valgadas e corgas estreitas. Non se agochar en covas nin pozos.
- Nas ribeiras do mar e de ríos, achegarse á auga e meterse nela se é preciso.
- Pisar sobre chan seguro. Non correr costa abaixo.



3 | Como protexernos do incendio no coche

Se o incendio forestal nos colle no coche atendede as seguintes recomendacións:

- Comunicar por teléfono a nosa situación ao 112.
- Parar o vehículo nun lugar protexido.
- Pechar portas e ventás e parar a ventilación do coche.
- Prender as luces para facilitar a nosa localización.



10 | ¿Estamos protegidos/as ante os incendios forestais?

Listaxe de verificación

Na nosa vivenda

1. Ventás e aberturas

- a. Hai algunha abertura ou cheminea por onde poden entrar gases do incendio.
- b. Pódense pechar todas as aberturas e as ventás son de vidro e madeira ou aluminio.
- c. A vivenda queda perfectamente illada do lume. As ventás contan con dobre vidro e as persianas son ignífugas. A cheminea está pechada.

2. Vexetación arredor da casa

- a. Hai árbores tocando a fachada ou plantas trepadoras nalgunha das paredes. Os tellados teñen follas, pólas ou outra materia orgánica que pode arder.
- b. Hai polo menos 2 metros libres de vexetación arredor da fachada e de cando en vez limpo o tellado de follas, pólas ou outra materia orgánica que pode arder.
- c. Arredor da casa hai 10 metros libres de árbores e regularmente limpo o tellado de follas secas, pólas ou outra materia orgánica que pode arder.

3. Manguera de rega

- a. Arredor da casa non hai manguera de rega.
- b. Hai unha manguera de rega, pero só chega a algunhas partes da parcela.
- c. Hai unha manguera de rega que chega a calquera punto da parcela e teño un sistema para facela funcionar.

4. Peche da parcela

- a. Está feito de materiais vexetais ou sintéticos inflamables.
- b. É de vexetación verde todo o ano e non dá moitos restos vexetais.
- c. Está feito con materiais incombustibles (pedra, bloques, metal, ...).

5. Combustible doméstico almacenado

- a. Hai un depósito homologado de gas, gasolina ou biomasa a menos de 10 metros da casa.
- b. Hai un depósito homologado de gas, gasolina ou biomasa a máis de 10 metros da casa.
- c. Teño unha pila de leña ou achas a menos de 10 metros da casa. Os depósitos de gas ou gasolina homologados están soterrados ou nun recinto ventilado.

Nas aldeas, urbanizacións ou casas illadas

6. Sinalizacións en urbanizacións ou núcleos rurais

- a. As rúas de entrada e saída non están sinalizadas; as rúas sen saída e os puntos de auga non están marcados e as casas non están numeradas de xeito visible.
- b. As rúas de entrada e saída están sinalizadas aínda que as rúas sen saída e os puntos de auga non o están. As casas tampouco están numeradas.
- c. Están sinalizadas todas as rúas; tamén as que non teñen saída. As casas están numeradas e os puntos de toma de auga sinalizados.

7. O acceso

- a. Só hai un camiño de acceso ou, aínda habendo varios, son estreitos e só permiten o paso dun coche.
- b. Hai máis dun camiño de acceso, pero non permiten a entrada dun vehículo contra incendios, aínda que si poden cruzar dous coches.
- c. Hai varios camiños de acceso suficientemente amplos para o paso de dous coches en sentido contrario e dun camión de bombeiros/as.

8. A faixa de protección perimetral

- a. A casa, aldea ou urbanización non ten faixa de xestión de biomasa arredor.
- b. Hai unha faixa de menos de 50 metros arredor de case todo o núcleo de casas pero non cumpre cos requisitos de tratamento da vexetación.
- c. Hai unha faixa de polo menos 50 metros arredor de todo o núcleo e cumpre con todos os requisitos de tratamento da vexetación.

9. Parcelas non edificadas

- a. As parcelas non edificadas teñen moita maleza e moita densidade de árbores.
- b. A maior parte das parcelas non edificadas están sen maleza e arboredo moi raro.
- c. Todas as parcelas non edificadas están libres de maleza e case que non teñen árbores.

O plan de autoprotección

10. Plan de autoprotección para emerxencias

- a. Non sei se hai plan de autoprotección na miña aldea ou urbanización, aínda que tanto dá.
- b. Na urbanización, núcleo ou concello hai un plan de emerxencias pero non o adestramos.
- c. Na urbanización ou núcleo hai un plan de emerxencias e témolo ensaiado hai menos de tres anos.

Puntuación

Respostas a: 0 puntos

Respostas b: 1 punto

Respostas c: 2 puntos

Menos de 8 puntos:

Podedes sufrir un incendio con consecuencias graves. Tedes que tomar medidas para reducir o risco de incendios.

Entre 8 e 16 puntos:

Pódese reducir a probabilidade de sufrir un incendio. Aplicade os consellos de autoprotección desta guía.

Máis de 16 puntos:

Noraboa. Xa tomastes medidas preventivas, aínda que non hai que baixar a garda.

Atoparedes máis información en:
www.xunta.es/

Protexe a túa casa fronte aos incendios forestais

En situación de risco chama ao 112.

Segue as indicacións dos medios de extinción e dos corpos de seguridade

SEGUIDE OS CONSELLOS DESTA GUÍA, PREPARADE A VOSA CASA E O CONTORNO ANTE UN INCENDIO E APLICADE AS MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN AXEITADA PARA CADA SITUACIÓN

Este manual foi elaborado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior coa colaboración da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal

ANEXO 4. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN ASOCIADOS

Inclúense os plan de autoprotección inscritos no REGAPE.

ANEXO 5. CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA

| Código | Nome do plano |
|---------------|--|
| A0 01 | Plano de situación |
| A1 01 | Vías de comunicación |
| A1 02 | Abastecemento de auga |
| A1 03 | Saneamento |
| A1 04 | Rede eléctrica |
| A1 05 | Rede de gas |
| A1 06 | Telefonía |
| A2 01 | Masas forestais |
| A2 02 | Masas forestais. Modelos dixitais de elevación |
| A2 03 | Masas forestais. Modelos dixitais de pendente |
| A2 04 | Masas forestais. Modelos dixitais de orientación |
| A3 01 | Puntos Críticos |
| A3 02 | Grupos operativos |
| A3 03 | Puntos de refuxio e acollida |
| A3 04 | Puntos de recepción de axuda externa |
| A3 05 | Helisuperficies |
| A3 06 | Praias |
| A4 01 | Redes secundarias. Restricións |
| A4 04 | Redes secundarias |
| A4 03 | Redes secundarias. Parcelas afectadas |

ANEXO 6. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PAM

| Código Tipo Medio/ Recurso | Nome Recurso | Dirección Recurso | Teléfonos |
|---|-----------------------------------|--|------------------|
| 1.1.4.3 Especialistas en informática | APP | Montero Ríos, 113 Bajo B | 986127996 |
| 1.1.4.3 Especialistas en informática | Cevyp | Ramal dos Galos, 3 Bajo | 986323094 |
| 1.1.4.3 Especialistas en informática | Noutrora | Pazos Fontenla, 52 Bajo | 986322542 |
| 1.1.4.3 Especialistas en informática | Opirata.com | Polígono Castiñeiras, Parc. 28 | 986617913 |
| 1.1.4.6.1 Psicólogos | Adriana Costas | Santán, 7 Bajo (Adriana Costas Fisioterapia y Salud) | 638726430 |
| 1.1.4.6.1 Psicólogos | Alicce | Montero Ríos, 57 Bajo (Centro Argo Navis) | 687791379 |
| 1.1.4.6.1 Psicólogos | Laura Sotelo | Santán, 7 Bajo (Adriana Costas Fisioterapia y Salud) | 694470133 |
| 1.1.4.6.1 Psicólogos | Lojo Omil, Ana Belén | Matilde Bares, 11 1ºB | 657896468 |
| 1.1.4.6.1 Psicólogos | Mª Engracia Viñas Galiñanes | Eduardo Vincenti, 10 1ºB | 986321867 |
| 1.1.4.6.1 Psicólogos | Xirín | Pazos Fontenla, 90 4ºB | 659753368 |
| 1.1.4.8.2 Farmacias | Couceiro Moreira, María José | Torre, 18 | 986323154 |
| 1.1.4.8.2 Farmacias | Acuña Ferrandanes, Adrián | Pazos Fontenla, 81 | 986320262 |
| 1.1.4.8.2 Farmacias | Ferrandanes Piñeiro, Digna | Nueva, 95 | 986320850 |
| 1.1.4.8.2 Farmacias | Méndez-Dávila Farmacia, C.B. | Montero Ríos, 89 | 986320178 |
| 1.1.4.8.2 Farmacias | Outeda Chantada, María del Carmen | Pazos Fontenla, 52 A | 986320064 |
| 1.1.4.8.2 Farmacias | Ramal dos Galos | Ramal dos Galos, 5 | 986323026 |
| 1.1.4.8.3. Medicina xeral | Castellanos Galvis, Pedro Antonio | Pazos Fontenla, 37 1º B | 986320507 |
| 1.1.4.8.5 Veterinarios | Clínica Veterinaria Bueu | Alfonso Rodríguez Castelao, 30 | 986324120 |
| 1.1.4.8.5 Veterinarios | Clínica Veterinaria Fociños | Montero Ríos, 33-35 | 886112392 |
| 1.2.1 Bombeiros | Bomberos Morrazo | Polígono Castiñeiras, Parc. 36 | 986390646 |

| | | | |
|-------------------------------------|------------------------------|--|-----------|
| 1.3.4 Policía Local | Policía Local | Montero Ríos, 18 1º (Casa do Mar) | 986320062 |
| 2.2.3 Palas, escavadoras | Excavaciones Rivero Bueu, SL | Lugar Cabalo, 33 | 986320923 |
| 2.3.2.1 Autocares | Cerqueiro | Polígono Castiñeiras, Parc. 37 | 986320254 |
| 2.3.2.2 Furgonetas/coches | Furgonetas Low Cost | Lugar A Devesa, 24 | 666465503 |
| 2.3.2.2 Furgonetas/coches | Antiris | Pinténs, 43 | 661215559 |
| 2.3.2.2 Furgonetas/coches | MRW | Avda. de Vigo, 77 | 986304363 |
| 2.3.2.2 Furgonetas/coches | Almacenes Martínez | Espíritu Santo, s/n (Edificio Las Minas) | 986301975 |
| 2.3.2.2 Furgonetas/coches | Agrupación de Auto-Taxis | Pazos Fontenla, s/n | 986322358 |
| 2.3.2.4 Vehículos funerarios | Tanatorio de Bueu | Polígono de Castiñeiras | 986320532 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Entre Hilos | Alcalde Johan Carballeira, 17 Bajo | 986324491 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Carmen Dávila | Eduardo Vincenti, 13 | 986321650 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Dilirious | Castelao, 19 | 687693139 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Divinas | Pazos Fontenla, 26 Bajo | 986135814 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | El Hilo Rojo | Fígaro, s/n (Plaza Massó) | 678553126 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Eli Bonet | Montero Ríos, 83 | 637314927 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Mercaroupa | Eduardo Vincenti, 1 | 986322731 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Mercaroupa | Eduardo Vincenti, 15 | 986322205 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Nene's | Alcalde Johan Carballeira, 16 Bajo Esq. | 622206362 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Olee Tu | Castelao, 19 Bajo | 633047020 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Osbs Clothing Two | Pazos Fontenla, 70 | 672767954 |
| 2.3.3.3.1 Roupas | Overlock | Castelao, 12 Bajo | 647496056 |

| | | | |
|---|-------------------------|--------------------------------|-----------|
| 2.3.3.3.1 Roupa | Oxford - Florentino | Eduardo Vincenti, 11 | 986323342 |
| 2.3.3.3.1 Roupa | Pick Banda | Montero Ríos, 143 | 986112413 |
| 2.3.3.3.1 Roupa | Pili Cabaleiro | Castelao, 8 Bajo | 610865266 |
| 2.3.3.3.1 Roupa | Teresa Santos | Castelao, 12 1º C | 618637223 |
| 2.3.3.3.1 Roupa | Vento Diverso | Castelao, 3 Bajo B | 986191313 |
| 2.3.3.4 Artigos de aseo | Soliño | Nova Darriba, 92 | 986320221 |
| 2.3.3.4 Artigos de aseo | Mucha's | Pazos Fontenla, 43 | 986324275 |
| 2.3.3.5 Alimentación | Cash Record | Polígono Castiñeiras, Parc. 25 | 986302945 |
| 2.3.3.5 Alimentación | Comercial Guibu | Polígono Castiñeiras, Parc. 9 | 986324337 |
| 2.3.3.5 Alimentación | Carlos - Covirán | Nova Darriba, 95 | 986390033 |
| 2.3.3.5 Alimentación | Eroski Center | Pazos Fontenla, 68 | 986321828 |
| 2.3.3.5 Alimentación | Froiz | Montero Ríos, 95 | 986390618 |
| 2.3.3.5 Alimentación | Gadis | Montero Ríos, 119-121 | 986323913 |
| 2.3.4.6 Ambulancias | Base 061 Bueu | Montero Ríos, 18 | 061 |
| 2.3.5.1 Vestuario de protección | Industrias Prendamar | Meiro, 122 B | 986321475 |
| 2.3.6.1.7 Material de ferretería | Brión | Nova Darriba, 101 | 986322342 |
| 2.3.6.1.7 Material de ferretería | Carballo | Pazos Fontenla, 39 | 986320624 |
| 2.3.6.1.7 Material de ferretería | Centra | Castelao, 7 | 986322785 |
| 2.3.6.1.7 Material de ferretería | Establecimientos Dávila | Nova Darriba, 68 | 986320948 |
| 2.3.6.2 Material enerxía | Establecimientos Dávila | Nova Darriba, 68 | 986320948 |
| 2.3.6.2 Material enerxía | Dileo | Pazos Fontenla, 67 2º | 986320651 |

| | | | |
|--|--|--|-----------|
| 2.3.6.2 Material enerxía | Intecal | Pazos Fontenla, 80 | 986320029 |
| 2.3.6.2.1 Material iluminación | Carma | A Pedra, 5 Bajo | 666286134 |
| 2.3.4.3 Material auxiliar sanitario | Outeda Chantada, María el Carmen | Pazos Fontenla, 52 A | 986320064 |
| 2.3.6.5.1 Gasolina | Área de Servicio Lapamán - Shell | Sabarigo, s/n | 986324138 |
| 2.3.6.5.3 Gasóleo | Área de Servicio Lapamán - Shell | Sabarigo, s/n | 986324138 |
| 2.3.6.5.4 Butano | Área de Servicio Lapamán - Shell | Sabarigo, s/n | 986324138 |
| 3.1.6.3 Porto deportivo | Puerto de Bueu | Montero Ríos, s/n | 886151119 |
| 3.1.6.3 Porto deportivo | Distrito Marítimo de Bueu | Montero Ríos, s/n (Casa do Mar) | 986320022 |
| 3.3.2 Ambulatorios | Centro de Salud de Bueu | Acceso al Grupo Escolar Ramón Bares, s/n | 986323313 |
| 3.3.2 Ambulatorios | Instituto Social da Mariña - Casa do Mar | Montero Ríos, 18 | 986300025 |
| 3.3.3 Tanatorio | Tanatorio municipal de Bueu - Albia | Polígono de Castiñeiras | 986320532 |
| 3.4.1 Centros de hospedaxe | Apartamentos O Penedo | Prolongación Can do Penedo, 8 | 986320154 |
| 3.4.1 Centros de hospedaxe | Hotel Alda Bueumar | Avda. de Agrelo, 10 | 986390030 |
| 3.4.1 Centros de hospedaxe | Pensión Casa Martínez | Portela, 14 | 647192637 |
| 3.4.1 Centros de hospedaxe | Hotel Incamar | Montero Ríos, 147 | 986390026 |
| 3.4.1 Centros de hospedaxe | Pensión Lubina | A Chadiza, 33 | 986320734 |
| 3.4.1 Centros de hospedaxe | Habitaciones Casa do Cabalo | Lugar Cabalo, 101 | 886312156 |
| 3.4.2 Centros educativos públicos | CEIP A Pedra - Infantil | Ramón Bares s/n | 986322901 |
| 3.4.2 Centros educativos públicos | CEIP A Pedra - Primaria | Pedra, 26 | 986320050 |
| 3.4.2 Centros educativos públicos | CEIP Montemogos | Montemogos, s/n | 886151115 |
| 3.4.2 Centros educativos públicos | CEIP Torre-Cela | Torre, 75 | 886151111 |
| 3.4.2 Centros educativos públicos | Escola FP Marítimo-Pesqueira Bueu | Pazos Fontenla, 10 B | 886151093 |

| | | | |
|--|--|----------------------|-----------|
| 3.4.2 Centros educativos públicos | IES Illa de Ons | Pedra, 51 | 886159510 |
| 3.4.2 Centros educativos públicos | IES Johan Carballeira | Staffan Mörling, 4 | 886159176 |
| 3.4.2 Centros educativos privados | CPR Virgen Milagrosa | Pazos Fontenla, 55 | 986320143 |
| 3.4.2 Centros culturais | Biblioteca Gonzalo Torrente Ballester | Ramal dos Galos, s/n | 986323140 |
| 3.4.2 Centros culturais | Centro Social do Mar | Montero Ríos, s/n | 986322208 |
| 3.4.4 Igrexas | Capela de San José | Pazos Fontenla, 8 | |
| 3.4.4 Igrexas | Capela dos Santos Reis | Vallado, s/n | |
| 3.4.4 Igrexas | Igrexa parroquial de San Martiño de Bueu | Valado, 4 | |
| 3.4.4 Igrexas | Igrexa parroquial de Santa Cela | Igrexario, s/n | |
| 3.4.4 Igrexas | Igrexa parroquial de Santiago de Ermelo | Eremelo | |
| 3.4.4 Igrexas | Igrexa parroquial de Santa María de Beluso | Lugar A Rosa | 610787888 |
| 3.4.3 Instalacións deportivas | Campo de fútbol municipal de A Graña | Graña, s/n | |
| 3.4.3 Instalacións deportivas | Campo de fútbol municipal de Laxes | Lugar Cabalo, s/n | |
| 3.4.3 Instalacións deportivas | Pabellón municipal Pablo Herbello Novas | Steffan Mörling, s/n | 986324467 |
| 3.4.3 Instalacións deportivas | Pabellón municipal de Bueu | A Pedra, 28 | |

A anterior táboa recolle un resumo da táboa en formato Excel adxunta co documento dixital para a entrega á AXEGA no formato estándar.

ANEXO 7. REGULAMENTACIÓN

O marco legal do Plan de protección civil por incendios forestais do concello de Bueu, queda constituído por:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía para Galicia
- Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulación das bases do Réxime Local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de decembro de montes
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Corrección de erros – Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza
- Real decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde do 2 de abril de 1993, pola que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil de Emerxencia por Incendios Forestais
- Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal
- Orde do 19 de xuño de 2008 pola que se determina a época de perigo alto de incendios
- Orde 13 marzo de 2009, sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais de distrito
- Resolución do 26 de xuño de 2001, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación da revisión e actualización do Plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución do 02/08/2010 pola que se publica o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA)
- R.D. 893/2013, de 15 de novembro, polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil de Emerxencias por incendios forestais.